




ENQUISA PARA O BANCO DE PRODUTOS DE APOIO DE GALICIA 2016

XUNTA DE GALICIA

ENQUISA PARA O BANCO DE PRODUTOS DE APOIO DE GALICIA

2016

Elaboración:

Dr. Jesús Varela Mallou

Catedrático en Metodoloxía das Ciencias do Comportamento

Universidade de Santiago de Compostela

Edita:

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Os pictogramas pertencen a Sergio Palao procedencia: ARASAAC. <http://catedu.es/arasaac>

Licenza: CC(BY-NC-SA)

Índice


1 Antecedentes	3
2 Obxectivos.....	8
2.1 Obxectivo xeral.....	9
2.2 Obxectivos específicos	9
3 Metodoloxía	10
3.1 Deseño	11
3.2 Procedemento.....	12
3.3 Descrición da mostra.....	12
4 Resultados.....	18
4.1 Percepción e valoración espontánea	19
4.1.1 Cales son as discapacidades e os produtos máis frecuentes ou coñecidos?	19
4.1.2 Produtos de apoio máis utilizados en Galicia segundo o tipo de discapacidade.....	21
4.1.3 Produtos de apoio máis útiles segundo o tipo de discapacidade.....	41
4.1.4 Opinións dos usuarios sobre os produtos de apoio	60
4.2 Percepción e valoración suxerida.....	65
4.2.1 Lavarse.....	66
4.2.2 Produtos para o mantemento da saúde	68
4.2.3 Cambiar e manter a posición do corpo	70
4.2.4 Desprazarse no fogar	73
4.2.5 Desprazarse fóra do fogar.....	75
4.2.6 hixiene persoal relacionada coa micción e coa defecación	77
4.2.7 Toma de decisións	78
4.2.8 Uso intencionado dos sentidos e comunicación	79

4.3 Produtos imprescindibles segundo a federación	82
4.3.1 Aspace	83
4.3.2 Autismo	84
4.3.3 Cogami.....	85
4.3.4 Down Galicia.....	86
4.3.5 Fademga	87
4.3.6 Faxpg	88
4.3.7 Fagal	89
4.3.8 Fegadace.....	90
4.3.9 Once	91
5 CONCLUSIÓN	93
6 ANEXOS	98



1 Antecedentes

Os cambios demográficos experimentados nas últimas décadas en España supuxeron profundas transformacións na pirámide demográfica, o que reflicte o aumento da esperanza de vida e o envellecemento da poboación. Segundo os datos ofrecidos polo estudo Edades (Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situación de dependencia) realizado en 2008, nos últimos anos produciuse un crecemento da poboación con algún tipo de discapacidade, o que se explica en parte polo aumento da idade media na poboación española.



Galicia, pola súa banda, é a comunidade autónoma con maior número de persoas discapacitadas (INE, 2010). De feito, atendendo aos datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), ata o 2014, e coincidindo coa reforma da lei de dependencia, o número de galegos con discapacidade aumentou ano tras ano e chegou ao seu punto álxido en 2013 (Ver figura 1).




Figura 1
Número de persoas con discapacidade en Galicia entre 2005 e 2014

O concepto de discapacidade sufriu grandes cambios ao longo da historia. Durante os últimos anos, este concepto foi perdendo a perspectiva paternalista e asistencial que entendía as persoas discapacitadas como seres “dependentes e necesitados”, en favor dun novo enfoque, que concibe estas persoas como individuos con habilidades, recursos e potencialidades. Os avances no tratamento médico, na inserción social e no desenvolvemento de produtos de apoio foron algunhas das claves que favoreceron esta evolución.

En 2001, a Organización Mundial da Saúde propón a unificación do concepto de discapacidade e establece a Clasificación internacional do funcionamento da saúde (CIF), na que se establece a seguinte definición:

“Termo xenérico que inclúe déficit, limitacións na actividade e restricións na participación. Indica os aspectos negativos da interacción entre o individuo (cunha condición de saúde) e os seus factores contextuais (factores ambientais e persoais)”.



Esta definición achega un gran cambio ao concepto de discapacidade, xa que se pasa dunha concepción estática na que só se tiña en conta a condición de saúde da persoa a unha concepción dinámica na que tamén xogarán un rol fundamental os factores ambientais e persoais.

Respecto dos tipos de discapacidade, segundo o Real decreto 1972/1999, do 23 de decembro, polo que se determina o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, esta pode clasificarse en 3 grandes grupos:

- 1 Discapacidade física:** considérase como tal a diminución ou a ausencia das funcións motoras ou físicas e a diminución do desenvolvemento normal diario da persoa afectada. Inclúense dentro desta categoría as alteracións motoras do sistema osteoarticular, nervioso e muscular, así como as enfermidades crónicas e mixtas.
- 2 Discapacidade mental ou psíquica:** inclúense nesta categoría as persoas que presentan trastornos do comportamento adaptativo, previsiblemente permanentes. Abrangue a discapacidade intelectual e as enfermidades mentais.
- 3 Discapacidades sensoriais:** inclúense nesta categoría as persoas con deficiencias visuais e/ou auditivas, así como aquelas que presentan problemas na comunicación e na linguaxe.

Un dos aspectos máis relevantes do CIF fai referencia á distinción entre os factores facilitadores e as barreiras. Así, os factores que permitan superar a deficiencia, as limitacións na actividade ou as restricións na participación serán coñecidos como facilitadores; pola contra, todos aqueles elementos que agraven ou sirvan de impedimento para calquera destes compoñentes definiranse como barreiras. Entre os factores ambientais facilitadores da participación atópanse os produtos de apoio.

A norma UNE EN ISO 9999:20117 sobre clasificación e terminoloxía dos produtos de apoio para persoas con discapacidade defíneos como segue: “Calquera produto (incluídos dispositivos, equipo, instrumentos e software) utilizado por ou para persoas con discapacidade, co fin de:

- Facilitar a participación.
- Protexer, apoiar, adestrar, medir ou substituír funcións/estruturas corporais e actividades.
- Previr deficiencias, limitacións na actividade ou restricións na participación”.

O obxectivo destes produtos é realizar unha tarefa, de forma autónoma ou coa axuda dun asistente, con eficacia, seguridade e comodidade; rebaixar o esforzo que require a actividade; evitar ou reducir o risco de lesións ou accidentes e diminuír ou evitar a dor. Como se pode observar, os produtos de apoio abarcan un amplo espectro que pode ir, por exemplo, desde utensilios tan simples coma o engrosamento do mango dun coitelo ata o máis sofisticado sistema de acceso ao ordenador.

Unha das principais demandas no eido da discapacidade é precisamente mellorar o acceso a este tipo de produtos, que en moitas ocasións supoñen un importante investimento económico por parte das persoas con discapacidade e das súas familias. Co fin de ofrecer unha solución a este problema, en 2008 comezaron a aparecer os chamados bancos de produtos de apoio, entidades sen ánimo de lucro nas que as persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 % podían adquirir ou alugar produtos que facilitasen o seu día a día.

En Galicia, existen entidades similares a pequena escala, como por exemplo a iniciativa levada a cabo polo concello de Culleredo, en colaboración con ASEM Galicia que está en activo desde o 2008. No eido autonómico, a Secretaría Xeral de Política Social conta co Portal de Produtos de Apoio cuxo fin é promover redes de cooperación entre as persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia (que precisan de produtos de apoio) e as persoas, empresas, entidades e os servizos sociais dos concellos que as ceden. A través deste portal web (<http://produtosapoio.xunta.es/gl>), a Xunta de Galicia ofrece os seguintes servizos:

- Proceso de consulta, prestación e demanda de produtos de apoio para as persoas usuarias.
- Dispoñibilidade de información de interese xeral: normativa, documentación e guías de boas prácticas.
- Servizo de asesoramento en materia de accesibilidade: preguntas frecuentes (CTA e plataforma) e asesoramento privado e personalizado.

A través deste estudo, preténdese afondar na realidade das persoas con discapacidade de Galicia para coñecer cales son os produtos máis demandados, útiles e/ou importantes e sentar unha base obxectiva sobre a que cimentar unha posible optimización do actual Banco de Produtos de Apoio, co fin de facelo o máis completo e funcional posible.




2.1 Obxectivo xeral

Este estudo ponse en marcha co obxectivo de optimizar o actual Banco de Produtos de Apoio de Galicia. A elaboración desta enquisa responde á necesidade de dispor dunha base de coñecemento que permita desenvolver accións específicas coas que acadar o obxectivo marcado: coñecer a percepción e a valoración dos produtos de apoio máis coñecidos e demandados polas federacións e asociacións que serven de apoio ás persoas con discapacidade e ás súas familias.

2.2 Obxectivos específicos

Dar conta deste obxectivo xeral implica expoñer e resolver de maneira axeitada tres obxectivos de carácter específico:

- 1** En primeiro lugar, cómpre saber cales son as discapacidades que son atendidas con maior frecuencia polos profesionais ao cargo das asociacións de apoio de Galicia, así como os produtos de apoio máis demandados segundo o tipo de discapacidade. Que tipo de aparellos se están a utilizar, cales son os máis útiles e cales se votan en falta e que opinión suscitan nos usuarios. Trátase dunha aproximación complexa, pois somos coñecedores de que cada persoa presenta necesidades concretas, o que dificulta a xeneralización, algo imprescindible cando o obxectivo é optimizar un banco común que poida servir de axuda a todos.
- 2** En segundo lugar, tamén é necesario coñecer cal é o nivel de información que existe sobre os diferentes produtos presentes actualmente no mercado, a utilidade percibida destes e o tipo de discapacidade para a que resultan máis convenientes.
- 3** En terceiro lugar, precísase facer un verdadeiro estudo de necesidades de cada unha das federacións e asociacións colaboradoras, coa intención de identificar as demandas e as prioridades de cada unha delas, e promover así o desenvolvemento de novos produtos e servizos, ou mesmo favorecer unha maior adaptación e aproveitamento dos xa existentes.



3 Metodoloxía

3.1 Deseño

A ficha técnica do estudo recóllese no seguinte cadro:

Ámbito: Galicia

Universo: finito (10 federacións galegas relacionadas co eido da discapacidade)

Tipo de mostraxe: intencionada (contacto inicial coa totalidade da poboación obxecto de estudo)

Tamaño da mostra: 21 asociacións agrupadas en 9 federacións

Recollida de información: enquisa por correo postal

Cadro 1

Ficha técnica

O estudo foi presentado como un traballo realizado desde a Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Xunta de Galicia, cuxa finalidade era coñecer as opinións e valoracións que os profesionais e asociados das 10 federacións que forman parte do eido da atención á discapacidade teñen acerca do uso e do aproveitamento que están a facer dos produtos de apoio na nosa comunidade. A intención final non era outra que a de detectar posibles carencias, priorizar os produtos máis demandados e optimizar o actual sistema de produtos de apoio de Galicia.

No cuestionario recolléronse tamén diferentes datos de carácter sociodemográfico, así como unha cláusula referente á protección de datos, co fin de garantir a confidencialidade e o anonimato das respostas.

O número total de federacións participantes ascendeu a 9, dun total de 10 contactadas, o que supón unha taxa de participación do 90 %. **O traballo de campo foi realizado entre marzo e maio de 2016.**

FEDERACIÓNS/ASOCIACIÓNS CONTACTADAS	10
EFFECTIVOS	9
TAXA DE FEDERACIÓNS PARTICIPANTES (EFFECTIVAS/TOTAL)	90,0 %

Táboa 1

Datos técnicos e incidencias de campo

3.2 Procedemento

Para a realización da enquisa establecéronse as seguintes fases:

- 1 Contacto telefónico coa totalidade das federacións de Galicia grazas a unha listaxe de persoas proporcionada pola Consellería de Política Social. Nesta comunicación, explícanse as características do estudo e solicítaselles información sobre as súas asociacións, co fin de invitalas tamén a participar.
- 2 Envío dunha carta formal a todos os participantes, xunto con diversos exemplares de cuestionarios. Inclúese un sobre con franqueo postal para facilitar o envío dos cuestionarios cubertos.
- 3 Persoas clave das federacións e asociacións completan os cuestionarios.
- 4 Envío dos cuestionarios á USC con sobre franqueado.
- 5 Recepción e revisión puntual dos cuestionarios.
- 6 Codificación e gravación.
- 7 Análise estatística e tabulación de datos.
- 8 Elaboración do informe.

3.3 Descrición da mostra

Recibíronse 62 cuestionarios (1 deles fóra de prazo). A mostra final estivo composta por 61 cuestionarios procedentes de 9 federacións: 5 cuestionarios desde Aspace (8,2 % da mostra), 7 cuestionarios desde Autismo Galicia (11,5 % da mostra), 12 cuestionarios desde Cogami (19,7 % da mostra), 6 cuestionarios desde Down Galicia (9,8 % da mostra), 8 cuestionarios desde Fademga (13,1 %), 5 cuestionarios desde Fagal (8,2 % da mostra), outros 5 cuestionarios desde Faxpg (9,8 % da mostra), 8 cuestionarios desde Fegadace (13,1 % da mostra) e 4 cuestionarios desde a Once (6,6 % da mostra). Na táboa 2 amósanse as asociacións que colaboraron neste estudo.

Táboa 2

Cuestionarios
incluídos no estudo
segundo a federación

	ASPACE	AUTISMO	COGAMI	DOWN	FADEMGA	FAGAL	FAXPG	FEGADACE	ONCE
N.º cuestionarios recibidos	5	7	12	6	8	5	6	8	4
Total = 61 cuestionarios									




Figura 2
Distribución da mostra segundo a federación

	ASPACE	AUTISMO	COGAMI	DOWN	FADEMGA	FAGAL	FAXPG	FEGADACE
ADACE LUGO							2	
ACADAR			2					
ADACECO							2	
AFALU						1		
AFAGA						1		
AFAL FERROLTERRA						1		
AFAOR						2		
AGADEA						1		
AGORA			2					
AMBAR			2					
AMENCER	1							
APACAF		2						
APAMP VIGO	2							
APSSC								2
ASFAVAL					2			
ASPACE CORUÑA	2							
ASPANANE					2			
CRD FINGOI			2					
CRD MONTEPORREIRO			2					
DOWN COMPOSTELA				1				
FUNDACIÓN MENELA		2						
JUAN XXIII					2			
RAIOLAS					1			
TEIMA DOWN FERROL				2				
XUNTOS				2				

Táboa 3
Número de cuestionarios recibidos desde as asociacións participantes en función da federación á que pertencen

Descrición das federacións enquisadas en función da súa misión

Cadro 2

Misión das federacións colaboradoras

ASPACE (Confederación Española de Asociaciones de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral)
A misión de Aspace consiste en mellorar a calidade de vida tanto das persoas con parálise cerebral e outras discapacidades afíns coma das súas familias, mediante a defensa dos seus dereitos, a promoción de servizos ás entidades asociadas e a cooperación institucional
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA
A Federación Autismo Galicia busca mellorar a calidade de vida das persoas con trastornos do espectro do autismo e das súas familias. O seu obxectivo principal é conseguir que as persoas con TEA teñan dereito a participar na sociedade en igualdade de condicións co resto das persoas e, para iso, procurarlles os apoios precisos.
COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)
A misión de Cogami é conseguir a plena inclusión das persoas con calquera discapacidade en todos os ámbitos da sociedade a través da defensa e da promoción dos seus dereitos, a reivindicación do cambio social, a potenciación do asociacionismo e a prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.
DOWN GALICIA (Federación Síndrome de Down de Galicia)
Esta federación busca coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade de vida de cada persoa con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
FADEMGA (Federación Galega de Asociaciones en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento)
Esta federación ten como obxectivo contribuír, con apoios e oportunidades, a que cada persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e a súa familia poidan desenvolver o seu proxecto de calidade de vida, así como promover a súa inclusión como cidadán de pleno dereito nunha sociedade xusta e solidaria.
FAGAL (Federación de Asociaciones Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias)
Busca mellorar a calidade de vida das persoas que sofren alzhéimer e outras demencias e a dos seus coidadores. Por ese motivo, esta federación traballa para fortalecer as asociacións de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias (AFAS) e colaborar en xerar cambios na sociedade a favor destas persoas e dos seus coidadores.
FAXPG (Federación de Asociaciones de Persoas Xordas de Galicia)
A FAXPG ten como misión xerar as condicións que, con base na identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas de Galicia en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

FEGADACE
(Federación Galega de Dano Cerebral)

É unha entidade sen ánimo de lucro de carácter social promovida polas entidades de **dano cerebral adquirido** máis representativas de Galicia que busca mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias nesta comunidade autónoma, así como defender os seus dereitos e ofrecerlles a oportunidade de desenvolvelos.

ONCE
(Organización Nacional de Cegos Españols)

A misión principal da Once queda definida como a facilitación e o apoio, a través de servizos sociais especializados, da autonomía persoal e a plena integración educativa, social e laboral das **persoas con cegueira e deficiencia visual**.

A mostra empregada componse dun total de 60 enquisas, das cales o 78,3 % corresponden a mulleres e o 21,7 % a homes. O 71,7 % son profesionais dedicados á atención á discapacidade en diferentes asociacións, o 10 % son familiares de persoas con discapacidade, o 8,3 % persoas con algunha discapacidade e o 3,3 % restante constitúen profesionais que tamén posúen algún tipo de discapacidade. O 86,4 % posúen estudos superiores e o 13,6 % restante contan con estudos secundarios. Por provincias, o 58,3 % dos enquisados corresponde á Coruña, o 23,3 % a Pontevedra, o 11,7 % a Lugo e o 6,7 % a Ourense.

Entre os profesionais enquisados, o 28,6 % traballan no eido da terapia ocupacional, o 11,9 % en fisioterapia, o 9,5 % en psicoloxía e outro 9,5 % en traballo social, o 7,1 % son educadores sociais, outro 7,1 % administrativos, e o resto da mostra distribúese a partes iguais entre pedagogos, sociólogos e asesores legais (todos eles cun 2,4 %). Asemade, convén salientar que o 19,1 % non especificou a súa profesión, e limitouse a indicar o eido de traballo ocupado (comunicación, inserción laboral, autismo etc.).

Por último, tamén se recolleu información sociodemográfica respecto aos discapacitados enquisados (tanto directamente como a través dos seus familiares); neste sentido, o 43,8 % teñen entre 30 e 49 anos, o 31,3 % entre 16 e 29 anos e o 18,8 % entre 50 e 64 anos; o 68,8 % contaba cunha discapacidade do 75 % ou máis, o 25 % entre o 65 e o 75 % e finalmente e o 6,3 % restante entre o 33 e o 49 %.




Figura 3
Distribución da mostra segundo o xénero

Figura 4

Distribución da mostra segundo a ocupación/relación





Figura 5

Distribución dos profesionais en función da súa especialidade



Figura 6

Distribución da mostra de persoas con discapacidade segundo a idade






Figura 7
Distribución da mostra de persoas con discapacidade segundo o grao de discapacidade




Figura 8
Distribución da mostra segundo o nivel de estudos




Figura 9
Distribución da mostra segundo a provincia




4.1 Percepción e valoración espontánea

Ao longo deste apartado, expóñense os resultados referentes á valoración espontánea das discapacidades e produtos máis coñecidos na realidade galega. Trátase, pois, de coñecer a opinión directa dos enquisados, sen achegar ningún dato que poida dirixir a súa resposta ou realizar ningunha suxestión sobre posibles opcións de resposta.

4.1.1 Cales son as discapacidades e os produtos máis frecuentes ou coñecidos?


Por un lado, no que atinxe ás discapacidades, observamos que **as discapacidades físicas son as máis frecuentes (37,1 %)**, mentres que as **discapacidades sensoriais (27,1 %)** e **mentais (25 %)** presentan frecuencias moi similares. O 10,7 % restante engloba respostas que, de por si, non poden ser clasificadas nun grupo ou noutro, pois poden ter consecuencias a distintos niveis dependendo de cada caso concreto. Este é o caso do dano cerebral que, dependendo de cada caso, pode ter consecuencias físicas, sensoriais ou mentais ou os trastornos dexenerativos, que poden ser de diversa índole dependendo da súa epidemioloxía.



No referente aos produtos máis frecuentes, as **cadeiras de rodas** e os **andadores e muletas** ocupan os primeiros lugares da clasificación, seguidos de preto polos **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación** (pictogramas, comunicadores, lingua de signos, produtos braille etc.) e as **TIC adaptadas** (tanto ás discapacidades físicas coma mentais ou sensoriais). A gran variedade de produtos dispoñibles unidos ás respostas non dirixidas (é dicir, preguntas completamente abertas) teñen como resultado un elevado número de produtos mencionados con baixas frecuencias. Na seguinte figura amósanse todos os produtos elixidos como “os máis habituais”.

Figura 11

Produtos de apoio máis habituais nas asociacións consultadas



4.1.2 Produtos de apoio máis utilizados en Galicia segundo o tipo de discapacidade

O apoio á discapacidade é un tema complexo, pois non é posible tratar este concepto como un termo xeral. Pola contra, cada persoa con discapacidade ten unhas necesidades concretas que non dependen unicamente do seu diagnóstico, senón tamén doutras moitas variables de tipo psicolóxico, social, económico, demográfico etc.

Tendo en conta desta circunstancia, é preciso ter en consideración que a finalidade dun banco de produtos de apoio é a de lle prestar un servizo a toda a comunidade, polo que é imprescindible facer unha certa clasificación, co fin de optimizar o servizo e de lle proporcionar axuda a todo aquel que o precise.

- **Alteracións motóricas do sistema osteoarticular**

Trátase de alteracións do aparato motor producidas de forma transitoria ou permanente, debido a un funcionamento anómalo do sistema óseo e/ou articular. Algúns exemplos son:

- Limitacións funcionais
- Ausencia de MSD, MSI ou algunha das súas partes esenciais
- Reumatismo articular agudo
- Reumatismo crónico
- Talle baixo
- Etc.

Como se pode observar na figura 12, os produtos máis utilizados para este tipo de discapacidades son: **andadores, muletas e bastóns** (34,8 %); **cadeiras de rodas** (manuais, como eléctricas ou de posicionamento) (32,2 %); **próteses e órteses**, como as férulas, bitutores, antiequinos etc., (9,6 %) e **guindastres** de traslado, bipedestación etc. (8,2 %).

Asemade, o 97,3 % dos enquisados tiveron algunha vez nas mans algún destes produtos, e o 97,2 % recomendouno nalgunha ocasión.




Figura 12
Produtos máis utilizados para alteracións motóricas do sistema osteoarticular

Figura 13

Tivo estes produtos algunha vez nas mans?





Figura 14

Recomendou estes produtos algunha vez?



• Alteracións motóricas do sistema nervioso e muscular

As persoas con estas alteracións presentan problemas na execución dos seus movementos como consecuencia dun problema que afecta o sistema nervioso ou muscular. Un exemplo deste tipo de alteracións son:

- Parálises e paresias
- Paraplexías e tetraplexías
- Hemiparesias
- Trastorno da coordinación
- Trastorno do equilibrio
- Disfunción neurovexetativa
- Hipotonías
- Etc.

Os produtos máis utilizados para este tipo de discapacidades son, en primeiro lugar, as **cadeiras de rodas** (30,9 %) e os **andadores, muletas e bastóns** (25,4 %), seguidos polos guindastres (10,0 %) e as **camas articuladas** (7,3 %). Os **utensilios adaptados**, como poden ser enxoval de cociña (pratos con rebordos, garfos e coitelos especiais, manteis antiesvaradíos etc.) ou produtos para vestirse (calzadores, utensilios para poñer as medias etc.), xunto coas próteses e órteses e as TIC adaptadas (periféricos específicos, tabletas, smartphones etc.) son tamén algúns dos produtos mencionados. A figura 15 recolle estes datos en forma gráfica.

Igual que sucede no caso anterior, estamos a falar de produtos moi coñecidos, pois arredor do 91 % dos enquisados tivo estes produtos nas súas mans, e o 95,7 % chegaron incluso a recomendarlos nalgunha ocasión.




Figura 15
Produtos máis utilizados para alteracións motoras do sistema nervioso e muscular




Figura 16
Tivo estes produtos algunha vez nas mans?




Figura 17
Recomendou estes produtos algunha vez?

- **Enfermidades mentais**

Esta categoría inclúe todas aquelas persoas que presentan dificultades no nivel de desempeño dunha ou varias funcións cognitivas, independentemente do seu nivel intelectual. Un exemplo deste tipo de trastornos son:

- Demencias
- Enfermidade de alzhéimer
- Trastornos cognitivos
- Trastornos da afectividade

Os produtos de apoio máis utilizados para axudar as persoas diagnosticadas con algún destes problemas son os **localizadores GPS** (24,2 %) e os **dispensadores de medicación** (22,7 %), seguidos de preto cun 15,2 %, polas **TIC adaptadas** (tabletas, smartphones, aplicacións e ordenadores adaptados etc.). Aínda que os **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC)** ocuparían o cuarto lugar entre os produtos máis utilizados (mencionados polo 6 % dos enquisados), cómpre destacar que na actualidade moitos destes artigos están a ser substituídos por tabletas que permiten agrupar varios produtos (comunicadores, pictogramas etc.) nun só formato.

Por outra banda, aínda que a porcentaxe de enquisados que tiveron a oportunidade de ter nas súas propias mans algún destes produtos é dun elevado 72,2 %, trátase dunha porcentaxe menor ca nos casos anteriores nos que o grao de coñecemento superaba o 90 %.

A pesar desta circunstancia, o 95,5 % dos consultados recomendaron nalgún momento o seu uso, polo que a súa presenza no Banco de Produtos de Apoio de Galicia pode ser fundamental.

Figura 18

Produtos máis utilizados para as enfermidades mentais




Figura 19

Tivo estes produtos algunha vez nas mans?





Figura 20

Recomendou estes produtos algunha vez?



• Alteracións sensoriais do sistema visual

A discapacidade visual engloba a perda total ou parcial do sentido da vista. Trátase dunha condición que afecta directamente a percepción de imaxes en forma total ou parcial, ben como consecuencia dunha redución da agudeza visual e/ou do campo visual.

Segundo a Clasificación internacional de enfermidades (CIE-10) pódese falar de discapacidade visual moderada, grave ou cegueira. As causas deste tipo de alteracións poden ser:

- Conxénitas. Por exemplo:
 - Glaucoma
 - Problemas durante o embarazo
 - Problemas no desenvolvemento dos órganos visuais
- Adquiridas. Como consecuencia de enfermidades como as seguintes:
 - Diabetes
 - Meninxite
 - Hipertensión
 - Danos cerebrais ou no nervio óptico

Os produtos de apoio máis utilizados polas persoas con este tipo de discapacidades son as **lentes lupas e os amplificadores** que permiten mellorar a súa visión que, xunto cos **produtos braille** (coma impresoras, liñas/teclados braille ou o etiquetaxe de produtos), contan cunha porcentaxe de mención do 23,4 % e, xuntos, conforman o 45,2

% das mencións espontáneas. Como é lóxico, os bastóns tamén ocupan unha das posicións máis destacadas na clasificación, cunha porcentaxe de mención do 20,2 %. En cuarto lugar, mencionados por un 10, %, atopamos os **produtos de tipo tecnolóxico**, como son os smartphones, as tabletas ou os ordenadores adaptados ás necesidades deste colectivo.

Outros produtos mencionados, e que deberían terse en conta á hora de crear un banco de produtos, son os **indicadores e guías sonoros, táctiles ou por vibración**; os **cans guía**; os **reloxs falantes**; os **lectores de pantalla e audiolibros**; os **sintetizadores de voz**; os **manteis antiesvaradíos** e as **axendas falantes**.

En canto á accesibilidade, un 32,8 % dos enquisados nunca tiveron nas súas mans algún destes produtos, aínda que é necesario ter en conta que moitas veces as asociacións e federacións cumpren unha función asesora; é dicir, recomentan os produtos máis adecuados para cada caso (de feito, o 93,3 % fixeron algunha destas recomendacións), pero non contan cos produtos no seu haber.

Figura 21

Produtos máis utilizados para as alteracións sensoriais do sistema visual




Figura 22

Tivo estes produtos algunha vez nas mans?





Figura 23

Recomendou estes produtos algunha vez?



- **Alteracións sensoriais do sistema auditivo**

A discapacidade auditiva defínese como a dificultade que presentan algunhas persoas para percibir a través da audición os sons do ambiente e, dependendo do grao de perda auditiva, a linguaxe oral. Existen diferentes tipos e graos desta discapacidade, polo que non todas as persoas presentan as mesmas características nin teñen as mesmas necesidades.

As alteracións do sistema auditivo poden ser clasificadas segundo o grao de perda de audición (falando de hipoacusia para perdas leves ou moderadas e de xordeira no caso de perdas severas ou profundas); en función da localización da lesión (de transmisión ou condutivas, de percepción ou neurosensoriais ou mixtas); segundo a causa (hereditarias ou adquiridas) ou en función do momento en que aparecen (prelocutivas ou poslocutivas).

Respecto dos produtos de apoio máis utilizados para este tipo de alteracións, atopamos que os **audífonos** son o produto por excelencia (sinalados como tal polo 31,1 % dos consultados). Tamén destacan os **avisos visuais e/ou vibratorios** (15,9 %) que permiten atender o timbre, percibir alarmas, atender o teléfono etc. Os **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC)** (14,2 %), como é o caso da lingua de signos ou a lectura labial, xunto cos **amplificadores de voz e son** (10,1 %) (bucle magnético, amplificadores para o teléfono etc.), tamén sobresaen como elementos fundamentais no día a día das persoas con déficit auditivo.

Outros elementos con menor mención, pero que tamén son interesantes á hora de crear un fondo de produtos de apoio o máis completo posible, son as **próteses** (p. ex.: implantes cocleares), a **videointerpretación, TIC adaptadas** (móviles, ordenadores etc.), **guías visuais, conversores voz-texto, videoasistencia** (sistemas de teleasistencia específicos para persoas con dificultades auditivas), **programas de subtitulado** ou a **xeneralización do MAERS** (programas de reeducación de persoas xordas), así como unha maior presenza ou dispoñibilidade de logopedas e intérpretes.

En canto á accesibilidade destes produtos para os profesionais e asociados das distintas federacións contactadas, obsérvase que no 70,1 % dos casos os enquisados tiveron a oportunidade de acceder a estes produtos e o 87 % recomendouno nalgúnha ocasión.




Figura 24
Produtos máis utilizados para as alteracións sensoriais do sistema auditivo

Figura 25

Tivo estes produtos algunha vez nas mans?





Figura 26

Recomendou estes produtos algunha vez?



• Alteracións sensoriais do sistema visual e auditivo

Estas alteracións, tamén coñecidas como xordocegueira, dan lugar a unha discapacidade que resulta da combinación de dúas deficiencias sensoriais (visual e auditiva) e que xera nas persoas que a padece problemas de comunicación únicos e necesidades especiais derivadas da dificultade para percibir de xeito global, coñecer e, por tanto, interesarse e desenvolverse no seu ámbito. Igual que sucede coas outras discapacidades sensoriais, existen diferentes graos de xordocegueira, de xeito que a privación dos sentidos (tanto da vista coma do oído) pode ser total, parcial ou unha combinación de ambas.

En canto ás causas ou á etiloxía da discapacidade, é posible falar de dous tipos dependendo do momento en que xorde. Por unha banda, fálase de xordocegueira conxénita, cando os síntomas aparecen durante o nacemento ou nos primeiros anos de vida impedindo a adquisición da fala (por exemplo, como consecuencia dun nacemento prematuro, meninxite, síndrome de Charge etc.); por outra banda, fálase de xordocegueira adquirida cando a perda de visión e audición se produce despois dos momentos clave para a adquisición da linguaxe. Como é lóxico, o tipo de intervención ou apoio necesario será diferente en función do tipo discapacidade.

En termos xerais, os produtos máis utilizados son os **sistemas aumentativos ou alternativos de comunicación (SAAC)** (27,6 %), entre os que se pode destacar a dactiloxía en palma, maiúsculas en palma ou o sistema braille e todos os seus produtos (impresoras, liñas, etiquetaxe etc.), así como diferentes tipos de comunicadores que faciliten a interacción social e co medio. En segundo lugar, cunha porcentaxe de mención do 11,8 %, atopamos os **produtos de axuda visual (lentes, lupas e amplificadores)**, seguidos de preto polos produtos de axuda auditiva, como os **audífonos** e os **avisos ou indicadores por vibración ou olfacto** (ambos mencionados por un 10,5 % dos enquisados). En cuarto lugar, cunha mención do 9,2 %, observamos a presenza das **TIC (especialmente tabletas e smartphones)** que, debidamente adaptadas poden incluso cumprir a función de comunicadores.

Outros produtos que tamén poden ser de grande utilidade para este tipo de casos son os **bastóns**, **utensilios adaptados** (enxoval, manteis antiesvaradíos, produtos para o aseo, vestimenta etc.), **cans guía**, **lectores de pantalla**, **conversores de voz-texto**, **guías táctiles**, **persoal de apoio e intérpretes**, **subtitulado** e **materiais de lectura fácil**.

Respecto do grao de accesibilidade destes produtos, soamente o 57,7 % dos enquisados tiveron a oportunidade de traballar directamente con estes produtos, aínda que o 90,1 % os recomendaron nalgún momento. Igual ca en casos anteriores, cómpre destacar que moitas veces desde as asociacións se fai un asesoramento, polo que non chegan a manipular estes produtos directamente.




Figura 27
Produtos máis utilizados para as alteracións sensoriais do sistema visual e auditivo




Figura 28
Tivo estes produtos algunha vez nas mans?




Figura 29
Recomendou estes produtos algunha vez?

- **Discapacidades expresivas**

Esta clasificación inclúe todos os trastornos da linguaxe nas súas distintas formas. Os trastornos da fala fan referencia ás dificultades na produción dos sons precisos para falar ou a problemas coa calidade da voz que impiden a correcta comunicación. Estas dificultades poden estar causadas por interrupcións do fluxo comunicativo ou problemas co ritmo, por problemas coa formación de sons (articulación ou fonolóxicos) ou por dificultades co ton, volume ou calidade da voz. Cómpre sinalar que tamén é posible que se dean combinacións de varios problemas á vez. Algúns exemplos deste tipo de discapacidade son:

- Afasia
- Disartria
- Disfemia
- Disfonía
- Mudez
- Laringuectomía


Os produtos de apoio máis utilizados para este tipo de discapacidades (mencionados polo 61,9 % dos enquisados) son os **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC)**; en especial, as táboas de comunicación, pictogramas e comunicadores en xeral, así como a propia lingua de signos. En segundo lugar, destacan cun 20,2 % de mención as **TIC adaptadas**, que moitas veces permiten unir varios produtos nun mesmo dispositivo (por exemplo, as tabletas poder funcionar coma SAAC ou conversores voz-texto, a maiores das súas funcións habituais). Os **conversores voz-texto**, pola súa banda, tamén poden son utilizados con frecuencia (8,3 %).

Outros elementos importantes, e que deben ser tidos en conta pese ás baixas frecuencias, son os **sistema de comunicación por intercambio de imaxes** (PECS) que axudan aos usuarios a desenvolverse con normalidade desde a propia escola, a accesibilidade a **logopedas** e **guías de apoio**, así como **próteses** (laringófonos) ou **sistemas de teleasistencia adaptados**, dado que ás veces é complicado que poidan realizar chamadas de auxilio.

En canto á accesibilidade, o 77,5 % dos enquisados tiveron estes produtos algunha vez nas mans e o 93,4 % recomendou o seu uso nalgunha ocasión.

Figura 30

Produtos máis utilizados para as discapacidades expresivas






Figura 31
Tivo estes produtos algunha vez nas mans?




Figura 32
Recomendou estes produtos algunha vez?

- **Discapacidades mixtas**

Comprende a síndrome polimalformativa e a deficiencia múltiple. Trátase, pois, de discapacidades que non poden ser clasificadas unicamente dentro dunha categoría (mental, sensorial ou física), se non que afectan simultaneamente a funcións moi diferentes e a distintos niveis. Polo xeral, este tipo de discapacidades son consecuencia de enfermidades conxénitas e acompañan o que as sofre durante todo o seu ciclo vital.

Os produtos máis utilizados para este tipo de discapacidades son cun 24,5 % as **cadeiras de rodas** (especialmente eléctricas, pero tamén manuais); cun 12,2 %, os **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC)** coma comunicadores, pictogramas ou a lingua de signos; e, cun 10,2 %, os **utensilios adaptados** (enxoval, vestimenta, hixiene etc.) e os **guindastres** (especialmente de traslado e bipedestacións).

Outros produtos que tamén deben ser tidos en conta son as **camas e sofás articulados, órteses, próteses e andadores** que faciliten a función e/ou o desprazamento, **produtos de suxeición e antiéscaras, lentes adaptadas, cadeiras de ducha, TIC adaptadas**, ou tratamentos coma a **musicoterapia, a estimulación sensorial ou a estimulación con realidade virtual**.

En canto á accesibilidade destes produtos, o 92,6 % das persoas que foron consultadas nesta enquisa tiveron a oportunidade de manipular ou traballar con estes elementos, e tan só un 7,4 % afirmaron non telos nunca nas mans.

Asemade, o 96,1 % dos enquisados confirmaron que algunha vez ao longo da súa traxectoria lles recomendaron o uso destes produtos a persoas con discapacidades de tipo mixto.

Figura 33

Produtos máis utilizados para as discapacidades mixtas




Figura 34

Tivo estes produtos algunha vez nas mans?





Figura 35

Recomendou estes produtos algunha vez?



• Enfermedades crónicas

Segundo a OMS, son enfermidades crónicas todas aquelas enfermidades de longa duración que, polo xeral, teñen unha progresión lenta. As enfermidades cardíacas, os infartos, o cancro, as enfermidades respiratorias e a diabetes son algunhas das doenzas crónicas máis habituais, e son responsables do 63 % das mortes que se producen no ámbito mundial.

Á hora de definir os produtos de apoio máis frecuentes para este tipo de problemas, cómpre ter en conta que se trata dun grupo moi heteroxéneo e, como tal, en función da tipoloxía e das características de cada enfermo, existe un gran número de opcións dispoñibles no mercado. Tendo en conta esta circunstancia, semella difícil agrupar as respostas obtidas, o que dá lugar a unha alta variedade de produtos, pero cunha baixa porcentaxe de mención.

Esta regra cúmprese para todos os casos, excepto para os **produtos de apoio respiratorio** (máscaras e bombonas de osíxeno, respiradores, nebulizadores, pulsioxímetros, bibap, ambú etc.) que, cunha porcentaxe de mención do 54,4 %, son sen dúbida os máis utilizados no día a día das persoas cunha enfermidade crónica. En segundo lugar, xa cun 7,4 % de mención, atópanse as **camas articuladas**.

Outros produtos necesarios e que deberían estar dispoñibles nun banco de produtos de apoio de calidade serían os **marcapasos** e os **aparells de diálise** (4,4 %); os **amplificadores de voz**, a **teleasistencia**, os **elevadores do WC** e os **dispensadores de medicación** (2,9 %); ou os **cueiros para adultos**, os **dispensadores de gotas oculares**, as **cadeiras de ducha**, os **produtos antiéscaras**, os **pulsómetros**, os **tensiómetros**, os **humidificadores**, as **barras e os pasamáns**, as **cadeiras de rodas**, os **scooters** e as **órtoses e próteses** (cada un deles mencionado polo 1,5 % da mostra).

Polo que respecta á accesibilidade destes produtos, o 70,3 % dos enquisados tiveron acceso nalgunha ocasión a algún destes produtos, fronte a un 29,7 % que nunca traballaron con eles nin os utilizaron. Asemade, o 90,1 % recomendaron nalgún momento o seu uso.




Figura 36
Produtos máis utilizados para as enfermidades crónicas

Figura 37

Tivo estes produtos algunha vez nas mans?





Figura 38

Recomendou estes produtos algunha vez?



• Discapacidade intelectual

Estas discapacidades caracterízanse polas significativas limitacións no funcionamento intelectual e a conduta adaptativa, expresada en habilidades conceptuais, sociais e prácticas. En xeral, o diagnóstico deste tipo de problemas realízase a través de 3 criterios:

- A** Nivel intelectual significativamente inferior á media (inferior a 69-75 segundo os criterios).
- B** Capacidade de adquirir habilidades básicas para o funcionamento e a supervivencia afectadas.
- C** Inicio anterior aos 18 anos.

As causas deste tipo de problemáticas son moi diversas e van desde enfermidades xenéticas (coma as alteracións cromosómicas) ata enfermidades con base ambiental, como poden ser as carencias nutricionais ou outras causas como traumas no momento do parto, infeccións intrauterinas (p. ex.: rubéola), ou incluso unha privación social grave durante a infancia.

No referente aos produtos máis utilizados para a discapacidade intelectual, observamos que os **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC)**, como por exemplo pictogramas, táboas e libros de comunicación etc., son os produtos máis utilizados (mencionados polo 39,1 % dos enquisados). En segundo lugar, cunha porcentaxe de mención do 25 %, atópanse as **TIC adaptadas** (smartphones, tabletas, aplicacións, ordenadores etc.) que, ademais de servir de apoio na aprendizaxe, tamén poden asumir a función de moitos dos SAAC.

Outros elementos mencionados con menor frecuencia, pero tamén importantes á hora de crear un banco completo e funcional, son os **materiais de lectura fácil**; o apoio mediante **asistentes persoais e titores e utensilios adaptados** que faciliten o seu día a día; os **localizadores GPS** e os **produtos de apoio á aprendizaxe**, así como os **sensores de crises epilépticas**, as **gravadoras**, os **produtos de terapia**, os **audífonos** ou **lentes**, as **lupas** e os **magnificadores**.

Nesta ocasión, o 90 % dos consultados tiveron nas súas mans os produtos mencionados, e todos eles recomendaron o seu uso nalgunha ocasión.




Figura 39
Produtos máis utilizados para a discapacidade intelectual




Figura 40
Tivo estes produtos algunha vez nas mans?




Figura 41
Recomendou estes produtos algunha vez?

4.1.3 Produtos de apoio máis útiles segundo o tipo de discapacidade

Cando falamos da utilidade percibida, estamos a facer referencia á capacidade dun produto de atender as necesidades para un fin ou discapacidade determinado. Trátase pois dun aspecto moi importante, pois que un produto sexa o máis utilizado non ten por que significar que tamén sexa o máis útil para esa tarefa.

A continuación, analizaremos cales son os produtos considerados máis útiles para cada tipo de discapacidade, así como as funcións máis importantes que deben cumprir para seren elixidos como tal.

- **Alteracións motóricas do sistema osteoarticular**

Os produtos considerados máis útiles para as persoas que padecen algún tipo de alteración motórica do sistema osteoarticular son, en opinión do 29,5 % da mostra, as **cadeiras de rodas** (tanto eléctricas, coma manuais ou de bipedestación). En segundo lugar, o 20,5 % dos enquisados sinalan a utilidade dos **andadores, muletas e bastóns**. Outro dos produtos máis útiles, mencionado polo 13,6 % dos consultados, son os **guindastres** (bipedestacións, de traslado etc.) e, en xeral, cunha frecuencia do 10,2 %, todos aqueles **cambios na contorna** que permitan adaptala ás circunstancias das persoas dependentes. Cómpre tamén destacar a importancia das **órtoses e próteses** (férulas, bitutores, antiequinos etc.). Na figura que se mostra a continuación, é posible observar todos os produtos mencionados útiles para este tipo de discapacidades.




Figura 42
Produtos máis útiles para as alteracións motóricas do sistema osteoarticular

Os motivos polos que estes produtos foron elixidos como máis útiles son fundamentais para entender as necesidades máis salientables das persoas que sofren este tipo de discapacidades.

No caso das alteracións motóricas do sistema osteoarticular, estes motivos foron: **facilitar a mobilidade e a capacidade de desprazamento** (32,1 %), mellorar ou **aumentar a súa autonomía e independencia** (28,4 %) e, en terceiro lugar, xa mencionados con moita menor frecuencia, a **axuda á familia** e a **mellora das transferencias** (ambas as dúas cunha frecuencia do 6,2 %). Na seguinte figura é posible observar todas as respostas recollidas no cuestionario.





Figura 43
Características máis importantes dos produtos de apoio relacionados coas alteracións motóricas do sistema osteoarticular

- **Alteracións motóricas do sistema nervioso e muscular**

Os produtos que resultan máis útiles para as alteracións motoras de tipo nervioso e muscular son as **órtoses e próteses** (bitutores, férulas, antiequinos etc.), mencionadas polo 29,7 % dos enquisados. O segundo produto máis útil, cunha frecuencia do 22 %, son as **cadeiras de rodas** (manuais, eléctricas, de posición etc.). As **táboas de transferencia** ocupan o terceiro lugar, cunha mención do 16,5 %. Na figura que segue, inclúense outros produtos mencionados con menor frecuencia.

Figura 44


Produtos máis útiles para as alteracións motóricas do sistema nervioso e muscular



No referente aos motivos polos que estes produtos resultan especialmente útiles, os enquisados destacan a súa capacidade para **mellorar o movemento e o desprazamento** (27,9 %), así como para lles proporcionar **autonomía e independencia** aos seus usuarios (24,4 %). Outra das características salientables é a utilidade destes produtos á hora de proporcionar **axuda nas actividades básicas da vida diaria**, así como á hora de **facilitar as transferencias** e os **cambios posturais** (ambas mencionadas polo 10,5 % das persoas que colaboraron nesta enquisa). A figura que se amosa a continuación recolle todas as características importantes dos produtos de apoio que foron mencionadas durante este estudo.

Figura 45

Características máis importantes dos produtos de apoio relacionados coas alteracións motóricas do sistema nervioso e muscular



- **Enfermedades mentais**

No tocante ás enfermidades mentais, os produtos de apoio máis útiles son os **dispensadores de medicación ou pastilleiros** e as **TIC adaptadas** (tabletas, ordenadores, smartphones, aplicacións e software específicos) que foron mencionados polo 50 % dos consultados. Outro dos produtos con maior utilidade para este tipo de enfermidades, especialmente para distintos tipos de demencias, son os **localizadores GPS** (cunha frecuencia de mención do 21,2 %). As **axendas electrónicas** tamén son resaltadas pola súa utilidade no 7,7 % dos casos. Na seguinte figura, inclúense todos os produtos que foron destacados pola súa utilidade para as persoas con algunha enfermidade mental.




Figura 46
Produtos máis útiles
para os enfermos
mentais

Os motivos polos que estes produtos foron elixidos como os máis útiles foron a capacidade para **mellorar a calidade de vida** dos seus usuarios (15,5 %) e para lles proporcionar **autonomía e independencia** (12,1 %). Igualmente, os enquisados destacan a súa utilidade á hora de **organizarse ao proporcionar recordatorios sobre tarefas e citas pendentes** (10,3 %). Por último, a **seguridade** (10,3 %) e a posibilidade de **ser localizados** en calquera momento (8,6 %) tamén son características salientables dos produtos de apoio para as enfermidades mentais, especialmente nos casos de demencia. Na seguinte figura, recóllense os datos referentes ás características máis importantes dos produtos máis útiles.





Figura 47
Características máis
importantes dos
produtos de apoio
relacionados cos
trastornos mentais

• Alteracións sensoriais do sistema visual

Respecto ás alteracións sensoriais do sistema visual, os produtos que resultan máis útiles son, como é lóxico, as **lentes, lupas e amplificadores** que, xunto co **sistema braille** e todos os obxectos asociados a el (impresoras, liñas, libros etc.) e os **bastóns**, conforman os tres primeiros postos na clasificación de elementos máis útiles (todos eles mencionados por máis do 20 % dos enquisados). Igualmente, cómpre destacar a utilidade das **TIC adaptadas**, que son sinaladas como un dos produtos máis útiles polo 10,5 % dos consultados. A seguinte figura recolle todos os produtos que destacan pola súa utilidade.

Figura 48


Produtos máis útiles para as alteracións sensoriais do sistema visual



En xeral, a característica máis valorada destes produtos (cunha frecuencia do 30,1 %) é a **autonomía e a independencia** que lles proporcionan aos seus usuarios. O apoio á hora de **acceder á información** tamén é valorado como unha das características máis útiles polo 13,7 % dos enquisados. Como é lóxico, aqueles produtos que permitan **mellorar a visión e facilitar a comunicación** tamén serán considerados especialmente útiles para as persoas con algún tipo de deficiencia visual. Na figura que se amosa a continuación inclúense todas as axudas que deberían proporcionar os produtos de apoio pensados para as alteracións do sistema visual.

Figura 49

Características máis importantes dos produtos de apoio relacionados coas alteracións sensoriais do sistema visual



Alteracións sensoriais do sistema auditivo

Como se pode observar na seguinte figura, os produtos de maior utilidade para as persoas que sofren problemas de tipo auditivo, son os audífonos, os avisos visuais e/ou luminosos e os sistemas de amplificación e alternativos de comunicación (SAAC), tales como a lingua de signos ou os comunicadores (sinalados, respectivamente como tal, por un 31,1 %, un 15,9 % e un 14,3 % dos enquisados). A videointerpretación e os amplificadores de son tamén son pezas fundamentais para un 6,7 % dos consultados. A seguinte figura recolle información referente aos produtos máis útiles para a discapacidade visual.




Figura 50
Produtos máis útiles para as alteracións sensoriais do sistema auditivo

Como se reflicte na seguinte figura, a principal razón pola que foron elixidos estes produtos foi a súa capacidade para **mellorar a comunicación** daqueles que os utilizan e, polo tanto, de lles proporcionar **autonomía e independencia** e de fomentar a súa **participación e inclusión social**. Para isto, todos aqueles elementos que **melloran a audición**, a **adaptación ao ámbito** e o **acceso á información** son tamén **indispensables**.





Figura 51
Características máis importantes dos produtos de apoio relacionados coas alteracións sensoriais do sistema auditivo

Alteracións sensoriais do sistema visual e auditivo

Seguindo a mesma tendencia das discapacidades sensoriais analizadas con anterioridade, os **sistemas de aumento e alternativos de comunicación (SAAC)**, tales como a lingua de signos, o sistema braille ou os distintos comunicadores, resultan ser pezas fundamentais. Neste caso, os **SAAC** conforman o primeiro lugar entre os produtos máis útiles (cun 27,6 %), seguidos cun 11,8 % polos produtos de **mellora visual** (lentes, lupas e amplificadores), **os avisos ou indicadores por vibración ou olfactivos** (timbres, espertadores, axendas etc.) e os **audífonos** (ambos sinalados no 10,5 % dos cuestionarios recibidos). Por outra parte, as **TIC adaptadas** (9,2 %) tamén resultan ser uns dos produtos de maior utilidade. Na seguinte figura inclúense todos os produtos que foron sinalados entre os máis útiles para as persoas con xordocegueira.

Figura 52


Produtos máis útiles para as alteracións sensoriais do sistema visual e auditivo



Ao igual ca nos casos anteriores, a capacidade destes produtos para **augmentar a autonomía e a independencia** dos seus usuarios, así como de **facilitar a comunicación** e permitir o libre **acceso á información**, son as características que os levan a estar entre os máis útiles. Todas estas, xunto con outras menos frecuentes, están recollidas na figura que se amosa a continuación.

Figura 53

Características máis importantes dos produtos de apoio relacionados coas alteracións sensoriais do sistema auditivo



- **Discapacidades Expresivas**

Os produtos de apoio máis útiles para as persoas con discapacidades expresivas son aqueles que favorecen a comunicación. Máis concretamente, o 53,5 % dos enquisados destacaron os **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC)**, como poden ser a lingua de signos, os pictogramas ou os diferentes comunicadores entre os produtos de maior utilidade. Igualmente, as análises efectuadas revelan que as **TIC adaptadas** (tabletas, ordenadores, software, aplicacións) e os **convertidores de texto en voz** son elementos clave á hora de proporcionar apoio a este tipo de doenzas. Na seguinte figura é posible observar todos os produtos sinalados como os máis útiles.




Figura 54
Produtos máis útiles para as discapacidades de expresión

Como é lóxico, a característica máis importante á hora de valorar a utilidade dun produto pensado para lle prestar axuda a este colectivo é a súa capacidade para **mellorar a comunicación**. Asemade, como se pode observar na seguinte figura, a súa capacidade para **axudar na recuperación e tratamento**, así como para proporcionar **autonomía e independencia** e facilitar así a **interacción co medio** e a **inclusión social**, son atributos que convén ter en consideración á hora de analizar a utilidade destes materiais. A seguinte figura recolle as porcentaxes de mención de cada un destes elementos.





Figura 55
Características máis importantes dos produtos de apoio relacionados coas discapacidades de expresión

- **Discapacidades mixtas**

Como se pode observar na seguinte figura, no caso das discapacidades mixtas, os produtos de apoio considerados máis útiles son aqueles relacionados coa parte física da discapacidade, como por exemplo as **cadeiras de rodas** (28,9 %), os **utensilios adaptados** (15,5 %) ou os **diferentes tipos de guindastres** (13,3 %). Nun posto máis modesto, tamén se fai referencia á utilidade de produtos para a mellora da comunicación, como é o caso dos **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC)**, así como os diferentes **sistemas de antiéscaras** e a **adaptación do ámbito** en xeral.

Figura 56


Produtos máis útiles para as discapacidades mixtas



A característica máis importante á hora de valorar a utilidade destes produtos é a capacidade destes para lles proporcionar autonomía e a independencia aos seus usuarios (mencionado polo 25 % dos enquisados). En segundo lugar, e xa cunha frecuencia menor (15 %), valórase a capacidade destes produtos para facilitar os desprazamentos e a mobilidade en xeral, así como o apoio que proporcionan á familia/coidadores (12,5 %). A mellora da funcionalidade tamén é percibida como un factor importante á hora de elixir os produtos máis útiles para as discapacidades expresivas. Na seguinte figura recóllense todos os motivos que os enquisados tiveron en conta á hora de facer as súas eleccións.

Figura 57

Características máis importantes dos produtos de apoio relacionados coas discapacidades mixtas



• Enfermedades crónicas

Se se ten en conta a gran variedade de enfermidades distintas que engloba esta categoría, pode resultar complicado concretar os produtos que resultan máis útiles, pois dependendo da tipoloxía de cada enfermidade un mesmo produto pode ser moi útil ou totalmente prescindible.

A pesar desta circunstancia, existe un certo consenso á hora de salientar a importancia dos produtos de **apoio respiratorio**, que son comúns para moitas destas enfermidades (afeccións respiratorias, cardíacas etc.) e, de feito, postúlante, cunha frecuencia do 45,2 %, como os produtos máis útiles para esta categoría. Outros produtos destacados (11,9 % e 7,1 %, respectivamente) son os **produtos antiéscaras**, así como os **utensilios adaptados** que lles permitan realizar as actividades básicas da vida diaria coa maior normalidade posible.




Figura 58
Produtos máis útiles para as enfermidades crónicas

Respecto dos motivos polos que estes produtos foron elixidos como máis útiles, o atributo máis valorado foi a **calidade de vida** (18,4 %), polo que todos aqueles produtos que axuden a **mellorar a respiración** e **proporcionen autonomía e independencia** aos seus usuarios (13,2 %), ou **axuden a desprazarse e a moverse con comodidade** (10,5 %) e **permitan aliviar a carga dos coidadores** (ben axudándoos directamente ou mellorando a funcionalidade dos pacientes), serán considerados os máis útiles para os enfermos crónicos.




Figura 59
Características máis importantes dos produtos de apoio relacionados coas enfermidades crónicas

4.1.4 Opinión dos usuarios sobre os produtos de apoio

Para finalizar o apartado dedicado a coñecer os principais produtos de apoio a través da análise da resposta espontánea, é importante analizar a opinión xeral que os distintos produtos suscitan nos seus usuarios.

Con este fin, incluíuse no propio cuestionario un apartado dedicado exclusivamente a recoller información sobre o que pensan as persoas con discapacidade, familiares ou cuidadores sobre os produtos de apoio. Trátase pois de coñecer a opinión real e directa dos usuarios destes produtos a través das distintas federacións ás que pertencen.

Os resultados obtidos mostran que, en xeral, as persoas con discapacidade **teñen unha opinión maioritariamente positiva** sobre os distintos produtos que utilizan nas súa vida diaria. De feito, os comentarios positivos predominan claramente sobre os comentarios negativos (táboa 4a, 4b e 4c).

Para moitos destes usuarios os produtos de apoio supoñen unha **axuda inestimable que lles permite valerse por si sós, tomar a medicación correctamente, desprazarse con seguridade** e, en definitiva, facer cousas que non poderían de non ter acceso a este tipo de produtos. É o caso, por exemplo, dos usuarios de andadores, muletas, bastóns, produtos para o baño, utensilios adaptados, cadeiras de rodas e incluso *scooters*.

Para outros, o uso destes produtos supón un engadido de **comodidade e benestar** e, en definitiva, de **calidade de vida**, que doutro xeito sería difícil acadar. É o caso dos usuarios de sistemas antiéscaras, órteses e próteses, camas articuladas, guindastres e mesmo o apoio respiratorio. En todos estes casos, os produtos de apoio son fundamentais para **evitar posibles lesións, evitar a dor e conseguir o maior confort posible**.

Nalgúns casos, os produtos de apoio son as fiestras polas que as persoas con discapacidade se asoman ao mundo, especialmente no caso das discapacidades de tipo sensorial. Ademais das lentes, lupas, amplificadores e audífonos, para este colectivo os SAAC (comunicadores, braille, lingua de signos, pictogramas etc.), xunto cos conversores texto-voz, lectores de pantalla, sintetizadores de voz e os programas de axuda coma o MAERS, fan posible a **comunicación áxil co resto da poboación**, evitan o illamento e proporcionan unha **autonomía** imprescindible para funcionar no día a día.

Pola súa banda, os avisos luminosos, sonoros ou por vibración permiten a realización de actividades para as que, doutro xeito, precisarían a axuda doutra persoa (“deberían ser obrigatorios en todos os edificios”). Do mesmo xeito, as guías e intérpretes ou elementos coma os subtítulos resultan imprescindibles para **entender mellor o mundo que os rodea**, para **favorecer a integración** e mesmo para **acceder á información e ao ocio**.

Noutros casos, son os familiares e/ou os cuidadores os principais beneficiados. Produtos coma os guindastres ou os elevadores facilitan as transferencias, **aliviando o traballo do cuidador** e mesmo evitando posibles lesións, mentres que os localizadores GPS achegan **tranquilidade** ao evitar posibles casos de desorientación ou desaparicións, especialmente entre as persoas con discapacidade mental.

Por último, cómpre realizar unha mención especial para as TIC que, debidamente adaptadas, son unha grande axuda á hora de **organizarse**, comunicarse e incluso **tomar decisións**, pois son un medio de información inestimable. Correctamente utilizadas, as novas tecnoloxías poden suplir moitos outros elementos e proporcionan un nivel de **autonomía** que pode chegar a traducirse, incluso, nunha mellora da **autoestima**.

Respecto das opinións negativas, a maioría delas teñen que ver co **elevado prezo dos produtos** (especialmente no referido aos sistemas de comunicación, novas tecnoloxías, guindastres e recambios para cadeiras de rodas), así como coa **falta de alternativas á compra** (empréstimo ou alugamento). Tamén se fai referencia ao **difícil acceso** a algúns produtos (como por exemplo os localizadores GPS) ou á **falta de formación** que dificulta o seu uso correcto. O descoñecemento da poboación xeral da lingua de signos e a pouca lixeireza das cadeiras de rodas tamén son salientadas negativamente por algúns usuarios.

As táboas que se amosan a continuación recollen as opinións citadas polos propios usuarios respecto dalgúns dos produtos máis importantes.

Táboa 4
Opinións dos
usuarios

PRODUTO	OPINIÓNS POSITIVAS	OPINIÓNS NEGATIVAS
Andadores, muletas e bastóns	“Podo camiñar de forma segura” “Podo saír da casa e ir a sitios” “Non caio seguido” “Dáme seguridade na casa”	“Ás veces é un pouco incómodo, pero dá autonomía”
Apoio respiratorio	“Melloran a calidade de vida” “Podo seguir vivindo” “Facilitan a vida diaria”	
Asistente persoal	“Facilitan a comunicación” “Evitan que me ille”	“Custo económico para menores de 16 anos” “Pérdense con facilidade” “Interferencias e problemas de pilas”
Avisos luminosos, vibratorios e sonoros	“Debería ser obrigatorio en todos os edificios” “Proporcionan autonomía” “Facilitan as ABVD”	“Prezo elevado”
Axenda electrónica	“Podes incluír recordatorios, proporciona moita autonomía”	
Bastón para cegos	“Imprescindible” “Podo andar ao meu aire”	“Non son moi de fiar”
Cadeira de rodas	“É imprescindible” “Pódome mover libremente” “Son as miñas pernas”	“As baterías e as vasoiriñas gástanse moi pronto” “Elevado prezo das reparacións e os recambios” “Deberían ser máis lixeiras”
Cama articulada	“Moi importante para cambios de postura e terapias” “É moi cómoda. Todos deberían tela” “Facilitan o manexo e as transferencias do usuario”	“Debería haber axudas para alugalas”
Can guía	“Acompañamento e vida diaria”	
Comunicadores	“Grande axuda para comunicarse” “Uso moi áxil”	“O prezo é elevado”
Conversor voz-texto	“Facilitan a vida”	

PRODUTO	OPINIÓNS POSITIVAS	OPINIÓNS NEGATIVAS
Detectores de calor	"Son moi curiosos"	
Dispensador de medicación	"Así é mais fácil, non me confundo coas pastillas" "Non dependen de ninguén para tomar a medicación"	
Elevadores	"Evítalles lesións aos coidadores"	"Debería haber axudas para alugar"
Guindastres	"Moi importantes para cambiar a postura" "Facilita o traballo dos coidadores" "Podo volver poñerme de pe" "Traslados e transferencias seguras"	"Teñen un prezo moi elevado"
Implante coclear	"Permítelles recuperar a audición"	"Efectos non desexados"
Intérpretes e guías	"Fundamentais" "Básico e fundamental" "Facilitan a integración"	
Lector de pantalla	"É moi bo" "Necesario"	
Lentes, lupas e amplificadores	"Mellora visual" "Acceso a traballo e ocio" "Permite seguir lendo"	"Son caros"
Lingua de signos	"Pódese comunicar mellor" "Moi útil en ausencia de fala"	"Moi descoñecido"
Localizador GPS	"Tranquilidade para a familia" "Permite coñecer onde está o familiar" "Non se vai perder"	"Difícil acceso"
Logopedas	"Facilitan a integración"	
MAERS	"Excelente"	
Órtoses e próteses	"Repouso a man e conservo a función" "Alivia a dor" "Podo facer cousas que antes non facía"	"É preciso fomentar a investigación"
PEC	"É moi útil"	"É difícil usalo correctamente" "Precisan máis formación"

PRODUTO	OPINIÓNS POSITIVAS	OPINIÓNS NEGATIVAS
Produtos braille	“Facilitan a comunicación” “Moi útiles”	“Caro”
Produtos para o baño	“Proporciona independencia” “Facilita a autonomía persoal” “Adáptanse moi ben, sen reformas”	“Axudas para alugar”
SAAC	“Favorecen a comunicación cando hai mala coordinación” “Axúdanme a entender o mundo” “Non sinto tanta angustia, pódeme dicir se ten dor” “Podo comunicarme e relacionarme”	“Prezo elevado” “Fai falta máis formación” “É difícil adaptarse ao seu uso”
<i>Scooter</i>	“Dan máis autonomía” “Melloran a calidade de vida”	
Sintetizador de voz	“Permíteme navegar por internet”	
Sistemas antiéscaras	“Volvo vivir se non teño úlceras” “Mellora moito a función e evita lesións” “É útil para evitar o avermellamento na pel”	
Subtítulos	“Acceso á información e ao ocio”	“Non funcionan ben moitas veces”
Teleasistencia	“A opinión dos usuarios é boa”	
TIC adaptadas	“Grande axuda para organizarse” “Mellor acceso á información” “Facilita a comunicación” “Melloran a autoestima e facilitan a toma de decisións”	“É precisa unha maior adaptación” “Elevado prezo. Dificultades económicas” “É precisa máis formación” “Non se conceden na LAPAD”
Útiles adaptados	“Dan maior independencia” “Melloran a autonomía e a autoestima” “Achegan seguridade no día a día”	

4.2 Percepción e valoración suxerida

Ao longo deste apartado, analizarase o nivel de coñecemento e a utilidade dunha serie de produtos de apoio. A diferenza do apartado anterior, nesta ocasión non se busca unha resposta espontánea que permita coñecer cales son os produtos máis utilizados segundo o tipo de discapacidade, senón analizar cales son os **produtos de apoio máis coñecidos e/ou utilizados para determinadas actividades básicas da vida diaria (ABVD) seleccionadas**.

Segundo a EDAD (Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situación de dependencia), considéranse ABVD: o lavado e o coidado das partes do corpo; a hixiene persoal relacionada coa micción; a hixiene persoal relacionada coa defecación; a hixiene persoal relacionada coa menstruación; vestirse e desvestirse; comer e beber; o coidado da propia saúde; a adquisición de bens e servizos; preparar comidas; realizar tarefas do fogar; cambiar as posturas corporais básicas; manter a posición do corpo; desprazarse dentro do fogar; desprazarse fóra do fogar; o uso intencionado dos sentidos (mirar, escoitar...) e realizar tarefas sinxelas.

Co fin de facilitar a tarefa de cubrir o cuestionario, optouse por facer unha selección que permitise estudar distintos aspectos da vida cotiá, e salientáronse 8 das 16 ABVD propostas pola EDAD:

- Lavarse
- Manter a saúde
- Cambiar e manter a posición do corpo
- Desprazarse no fogar
- Desprazarse fóra do fogar
- Hixiene persoal relacionada coa micción e coa defecación
- Toma de decisións
- Uso intencionado dos sentidos e comunicación

4.2.1 Lavarse

Comprende a acción de lavarse e de secar todo o corpo, ou partes del, utilizando auga, materiais e métodos apropiados de lavado e secado, tales como bañarse, ducharse, lavar as mans, os pés, a cara e o pelo, e secarse.

Como se pode observar na táboa 5, os produtos máis coñecidos dos propostos son a cadeira para a ducha (coñecida polo 98,2 % dos enquisados), o banco-táboa de bañeira (85,5 %), a cadeira xiratoria para o baño (83,6 %) e a cadeira de ducha con rodas (74,5 %). Cómpre destacar que, en todos os casos, a porcentaxe de consultados que coñecían os produtos supera os que non o facían.

Pola súa banda, os produtos considerados máis útiles foron as **cadeiras de ducha**, especialmente a **cadeira con rodas** (seleccionada como “moi útil” polo 91,7 %), seguidas pola **cadeira xiratoria para o baño**.

En canto ao tipo de discapacidade ao que van dirixidos, todos os produtos propostos foron sinalados como produtos especialmente útiles para as **discapacidades físicas** (en todos os casos, a discapacidade física foi elixida por máis do 80 % dos consultados).

PRODUTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE?
	Si	Non	Ningunha	Algunha	Moita	
LAVABO CON BRAZO XIRATORIO 	56,4 %	43,6 %	0,0 %	44,0 %	56,0 %	FÍSICA (92 %) MENTAL (6,0 %) SENSORIAL (2,0 %)
BANCO-TÁBOA DE BAÑEIRA 	85,5 %	14,5 %	4,1 %	44,9 %	51,0 %	FÍSICA (88,9 %) MENTAL (11,1 %)
CADEIRA PARA DUCHA 	98,2 %	1,8 %	0,0 %	22,6 %	77,4 %	FÍSICA (83,6 %) MENTAL (14,5 %) SENSORIAL (1,8 %)

Táboa 5

Produtos de apoio para lavarse. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade á que van dirixidos

CADEIRA XIRATORIA 	83,6 %	16,4 %	4,2 %	16,7 %	79,2 %	FÍSICA (83,7 %) MENTAL (14,3 %) SENSORIAL (2,0 %)
CADEIRA-BANQUETA 	48,1 %	51,9 %	6,7 %	57,8 %	35,6 %	FÍSICA (83,7 %) MENTAL (14,3 %) SENSORIAL (2,0 %)
CADEIRA INFANTIL 	58,2 %	41,8 %	6,7 %	20,0 %	73,3 %	FÍSICA (86,7 %) MENTAL (11,1 %) SENSORIAL (2,2 %)
CADEIRA DE DUCHA CON RODAS 	74,5 %	25,5 %	0,0 %	8,3 %	91,7 %	FÍSICA (85,1 %) MENTAL (12,8 %) SENSORIAL (2,1 %)

Táboa 5. Produtos de apoio para lavarse. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade á que van dirixidos

4.2.2 Produtos para o mantemento da saúde

Consiste en coidar dun mesmo sendo consciente das propias necesidades e facendo o preciso para coidar da propia saúde, tanto para reaccionar fronte a posibles riscos sobre a saúde coma para prever enfermidades, buscar asistencia médica, seguir consellos médicos e doutros profesionais da saúde e, en xeral, evitar riscos.

Como se pode observar na táboa 6, os produtos propostos son maioritariamente coñecidos, excepto o dispensador de gotas oculares que é descoñecido polo 75,9 % dos consultados. No polo oposto, os produtos máis coñecidos son o dispensador de medicación (96,4 %), os móbiles con teclas grandes (89,3 %) e os sistemas de localización por GPS (73,2 %).

Respecto da utilidade percibida, o teléfono con botón de axuda é percibido como o produto máis útil, seguido polo localizador GPS e o teléfono con teclas grandes. Todos eles foron cualificados como “moi útiles” por máis do 79 % dos consultados.

Polo xeral, estamos a falar de produtos especialmente recomendados para persoas con algún tipo de discapacidade mental, excepto no caso do dispensador de gotas oculares e o teléfono con fotografías, que se recomendan para as discapacidades físicas (44,3 %) e sensoriais (59,7 %), respectivamente.

PRODUTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE?
	Si	Non	Ningunha	Algunha	Moita	
TELÉFONOS CON FOTOGRAFÍAS 	69,6 %	30,4 %	2,1 %	18,8 %	79,2 %	FÍSICA (9,4 %) MENTAL (70,8 %) SENSORIAL (19,9 %)
DISPENSADOR DE GOTAS OCULARES 	24,1 %	75,9 %	17,9 %	53,8 %	28,2 %	FÍSICA (44,3 %) MENTAL (24,8 %) SENSORIAL (30,5 %)
DISPENSADOR DE MEDICACIÓN 	96,4 %	3,6 %	1,9 %	23,1 %	73,1 %	FÍSICA (14,1 %) MENTAL (73,4 %) SENSORIAL (12,4 %)

Táboa 6

Produtos de apoio para o mantemento da saúde. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade á que van dirixidos

MEDIDOR DE GLICOSA POR VOZ 	37,5 %	62,5 %	7,5 %	25,0 %	67,5 %	FÍSICA (11,1 %) MENTAL (16,2 %) SENSORIAL (72,7 %)
MÓBILES CON TECLAS GRANDES 	89,3 %	10,7 %	2,0 %	25,5 %	72,5 %	FÍSICA (18,2 %) MENTAL (22,0 %) SENSORIAL (59,7 %)
SISTEMAS DE LOCALIZACIÓN 	73,2 %	26,8 %	0,0 %	18,4 %	81,6 %	FÍSICA (4,8 %) MENTAL (80,3 %) SENSORIAL (15,0 %)
TELÉFONO CON BOTÓN DE AXUDA 	68,4 %	37,6 %	0,0 %	15,9 %	84,1 %	FÍSICA (28,4 %) MENTAL (58,2 %) SENSORIAL (13,5 %)

Táboa 6. Produtos de apoio para o mantemento da saúde. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade á que van dirixidos

4.2.3 Cambiar e manter a posición do corpo

Trátase de accións que implican manter, adoptar ou abandonar unha postura ou posición determinada ou pasar dun lugar a outro. Por exemplo, levantarse dunha cadeira para deitarse na cama. Este tipo de actividades requiren forza e equilibrio no tronco e, nalgúns casos, axuda dos membros superiores.

Nas táboas 7a e 7b, recóllense os datos referentes a algúns produtos de apoio, así como o grao de coñecemento, a súa utilidade percibida e o tipo de discapacidade para a que son máis recomendables.

Os produtos máis coñecidos para este tipo de actividades son as camas articuladas e as cadeiras basculantes con repousacabezas (ambos coñecidos por máis do 90 % dos enquisados), seguidos de preto polas táboas de transferencia, os guindastres de bipedestación e os tapetes tubulares ou sabas esvaradías (con porcentaxes que roldan o 80 %). No lado oposto, atópanse as cadeiras de artrodese, descoñecidas polo 81,5 % dos enquisados.


No referente á utilidade percibida, os produtos considerados máis útiles foron a cama articulada, a cadeira basculante con repousacabezas e os guindastres pasivos de elevación e traslado (todos eles sinalados como “moi útiles” en máis do 90 % dos cuestionarios analizados). Como se pode observar, neste caso os **dous produtos máis coñecidos son tamén os dous considerados máis útiles**.

Por último, e dadas as características deste tipo de actividades, todos os produtos propostos están especialmente recomendados para aquelas persoas que sofren algún tipo de **discapacidade física**. De feito, esta foi a opción seleccionada por polo menos o 80 % dos consultados en todos os produtos analizados.

PRODUTO	COÑÉCEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE?
	Si	Non	Ningunha	Algunha	Moita	
CAMA ARTICULADA 	93,3 %	6,7 %	0,0 %	3,7 %	96,3 %	FÍSICA (86,4 %) MENTAL (10,9 %) SENSORIAL (2,7 %)
INCORPORADOR PORTÁTIL 	67,9 %	32,1 %	0,0 %	34,7 %	65,3 %	FÍSICA (81,9 %) MENTAL (15,3 %) SENSORIAL (2,8 %)
ESCALEIRIÑA DE CORDA 	50,9 %	49,1 %	7,0 %	53,5 %	39,5 %	FÍSICA (90,5 %) MENTAL (9,5 %)

Táboa 7

Produtos de apoio para cambiar e manter a posición do corpo. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

AGARRADOIRA DE CAMA 	68,5 %	31,5 %	4,3 %	37,0 %	58,7 %	FÍSICA (83,0 %) MENTAL (17,0 %)
CADEIRA BASCULANTE CON REPOUSACABEZAS 	<u>94,6 %</u>	5,4 %	2,0 %	2,0 %	<u>96,1 %</u>	FÍSICA (86,4 %) MENTAL (12,9 %) SENSORIAL (0,7 %)
BARRAS PARA O INODORO E REDUTOR DO ARO 	72,2 %	27,8 %	0,0 %	27,7 %	72,3 %	FÍSICA (82,6 %) MENTAL (16,7 %) SENSORIAL (0,8 %)
CADEIRA DE ARTRODESE 	18,5 %	<u>81,5 %</u>	5,9 %	50,0 %	44,1 %	FÍSICA (88,9 %) MENTAL (11,1 %)
ALZAS PARA PATAS 	66,7 %	33,3 %	4,3 %	61,7 %	34,0 %	FÍSICA (84,1 %) COGNITIVA (15,1 %) SENSORIAL (0,8 %)

BARRAS VERTICAIS FIXADAS AO CHÃO E/OU AO TETO 	50,9 %	49,1 %	2,3 %	47,7 %	50,0 %	FÍSICA (90,0 %) MENTAL (10,0 %)
CADEIRA DE BIPEDESTACIÓN 	76,4 %	23,6 %	0,0 %	17,0 %	83,0 %	FÍSICA (95,0 %) MENTAL (5,0 %)
TÁBOAS DE TRANSFERENCIAS 	81,5 %	18,5 %	2,3 %	11,4 %	86,4 %	FÍSICA (97,6 %) MENTAL (2,4 %)
SUPERFÍCIES PARA MANEXO DA PRESIÓN 	72,7 %	27,3 %	2,3 %	11,4 %	86,4 %	FÍSICA (84,1 %) COGNITIVA (12,7 %) SENSORIAL (3,2 %)
DISCOS DE TRANSFERENCIA 	57,4 %	42,6 %	4,8 %	47,6 %	47,6 %	FÍSICA (87,5 %) MENTAL (10,0 %) SENSORIAL (2,5 %)

GUINDASTRE DE BIPEDESTACIÓN 	81,8 %	18,2 %	4,3 %	10,6 %	85,1 %	FÍSICA (88,4 %) MENTAL (9,3 %) SENSORIAL (2,3 %)
GUINDASTRE PASIVO DE ELEVACIÓN E TRASLADO 	77,8 %	22,2 %	2,3 %	6,8 %	90,9 %	FÍSICA (90,2 %) MENTAL (7,3 %) SENSORIAL (2,4 %)
TAPETES TUBULARES OU SABAS ESVARADÍAS 	80,0 %	20,0 %	2,2 %	28,9 %	68,9 %	FÍSICA (90,7 %) COGNITIVA (7,0 %) SENSORIAL (2,3 %)

Táboa 7. Produtos de apoio para cambiar e manter a posición do corpo. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

4.2.4 Desprazarse no fogar

Comprende todas as actividades que implican andar e moverse dentro da propia casa, dentro dunha habitación e ao redor de toda a casa ou na zona de residencia. Estes desprazamentos requiren equilibrio en bipedestación, e forza e mobilidade suficiente nos membros inferiores. Aínda que colocar barras ou pasamáns pode facilitar esta tarefa, en ocasións será preciso usar un produto de apoio específico.

Os datos recollidos na táboa 8 amosan que os produtos de apoio máis coñecidos á hora de proporcionar apoio neste tipo de tarefas son os andadores, as muletas, as cadeiras de rodas eléctricas ou controladas por un asistente (todas elas coñecidas por máis do 90 % dos enquisados). En xeral, **todos os produtos propostos neste apartado son bastante coñecidos**; de feito, todos agás os andadores con suxeición nos pés son recoñecidos, como mínimo, polo 74 % das persoas que colaborou nesta enquisa.

A utilidade percibida tamén é, en termos xerais, bastante alta, e os produtos considerados máis útiles son as cadeiras de rodas eléctricas (sinaladas moi útiles no 96 % dos cuestionarios recibidos), xunto coas cadeiras de rodas infantís (87,5 %) e os andadores de catro patas (82,4 %).

Igual ca no caso anterior, todos os produtos asóciase ás **discapacidades físicas** con frecuencias por riba do 90 %.

PRODUTO	COÑÉCEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE?
	Si	Non	Ningunha	Algunha	Moita	
MULETA DE CÓBADO 	94,5 %	5,5 %	2,0 %	25,5 %	72,5 %	FÍSICA (93,9 %) MENTAL (5,3 %) SENSORIAL (0,8 %)
ANDADORES DE 4 PATAS 	96,3 %	3,7 %	2,0 %	15,7 %	82,4 %	FÍSICA (93,9 %) MENTAL (5,3 %) SENSORIAL (0,8 %)
ANDADORES CON RODAS 	85,2 %	14,8 %	2,2 %	19,6 %	78,3 %	FÍSICA (95,2 %) MENTAL (4,8 %)

Táboa 8

Produtos de apoio para desprazarse dentro do fogar. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

ANDADORES CON SUXECCIÓN NOS PÉS 	64,7 %	35,3 %	2,2 %	31,1 %	66,7 %	FÍSICA (95,1 %) MENTAL (2,4 %) SENSORIAL (2,4 %)
CADEIRAS DE RODAS BIMANUAIS 	82,4 %	17,6 %	2,1 %	20,8 %	77,1 %	FÍSICA (97,6 %) MENTAL (2,4 %)
CADEIRAS CONTROLADAS POR UN ASISTENTE 	91,8 %	8,2 %	2,1 %	20,8 %	77,1 %	FÍSICA (91,1 %) MENTAL (6,7 %) SENSORIAL (2,2 %)
CADEIRAS CONTRALADAS POR UN SÓ LADO DO CORPO 	74,5 %	25,5 %	4,4 %	22,2 %	73,3 %	FÍSICA (97,3 %) MENTAL (2,7 %)
CADEIRAS DE RODAS ELÉCTRICAS 	94,1 %	5,9 %	2,0 %	2,0 %	96,0 %	FÍSICA (95,3 %) MENTAL (4,7 %)
CADEIRAS DE RODAS INFANTÍS 	86,3 %	13,7 %	2,1 %	10,4 %	87,5 %	FÍSICA (95,3 %) MENTAL (4,7 %)

Táboa 8. Produtos de apoio para desprazarse dentro do fogar. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

4.2.5 Desprazarse fóra do fogar

Inclúense nesta categoría todas aquelas actividades que implican camiñar e/ou moverse preto ou lonxe da propia vivenda, así como utilizar medios de transporte públicos ou privados. Para realizar estes desprazamentos é preciso orientarse adecuadamente, abrir e pechar portas, e realizar desprazamentos verticais (subir e baixar escaleiras e ramplas ou utilizar o ascensor) e desprazamentos horizontais.

Neste caso, os produtos máis coñecidos son a rampla abatible ou plataforma elevadora e os salvaescaleiras con plataforma (ambos coñecidos por máis do 90 % dos enquisados). O terceiro produto máis coñecido (cunha frecuencia do 75 %) é o guindastre eléctrico, utilizado principalmente para introducir cadeiras en vehículos.

Polo que respecta á utilidade percibida, obsérvase unha **coincidencia entre os produtos máis coñecidos e os máis útiles**. Así, a rampla abatible ou plataforma elevadora preséntase como o produto máis útil (considerado “moi útil” polo 93,6 % dos enquisados), seguido polo salvaescaleiras con plataforma (89,4 %) e o guindastre eléctrico (80 %).

Ao igual ca no anterior apartado, e posiblemente como consecuencia de estar a falar de desprazamentos, todos os produtos propostos foron asociados con **discapacidades de tipo físico** por, polo menos, o 90 % dos consultados.

PRODUTO	COÑÉCEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE?
	Si	Non	Ningunha	Algunha	Moita	
MOTOR PARA AUMENTAR A FORZA DE PROPULSIÓN 	56,6 %	43,4 %	4,9 %	26,8 %	68,3 %	FÍSICA (97,5 %) MENTAL (2,5 %)
TÁBOA DE TRANSFERENCIA PORTÁTIL 	49,1 %	50,9 %	5,3 %	28,9 %	65,8 %	FÍSICA (91,7 %) MENTAL (5,6 %) SENSORIAL (2,8 %)
GUINDASTRE ELÉCTRICO 	75,0 %	25,0 %	4,4 %	15,6 %	80,0 %	FÍSICA (92,9 %) MENTAL (4,8 %) SENSORIAL (2,4 %)

Táboa 9

Produtos de apoio para desprazarse fóra do fogar. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

BANCADAS ESPECIAIS NENOS 	30,2 %	69,8 %	5,6 %	30,6 %	63,9 %	FÍSICA (90,1 %) MENTAL (6,3 %) SENSORIAL (3,6 %)
RAMPLA PREGABLE/ ABATIBLE OU PLATAFORMA ELEVADORA 	98,1 %	1,9 %	2,1 %	4,3 %	93,6 %	FÍSICA (92,8 %) MENTAL (4,8 %) SENSORIAL (2,4 %)
SALVAESCALEIRAS CON PLATAFORMA 	94,5 %	5,5 %	2,1 %	8,5 %	89,4 %	FÍSICA (95,2 %) MENTAL (2,4 %) SENSORIAL (2,4 %)
ADAPTADORES DE CHAVES 	55,6 %	44,4 %	2,6 %	33,3 %	64,1 %	FÍSICA (91,7 %) COGNITIVA (5,6 %) SENSORIAL (2,8 %)

Táboa 9. Produtos de apoio para desprazarse fóra do fogar. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

4.2.6 Hixiene persoal relacionada coa micción e coa defecación

As actividades persoais relacionadas coa micción e coa defecación inclúen todo o proceso, desde indicar a necesidade ata limpase debidamente, ata solicitar axuda en caso de necesitala, adoptar a postura adecuada e elixir o lugar e manipular a roupa (tanto antes coma despois). Para as persoas con dificultade para agacharse ou incorporarse da superficie do inodoro, é conveniente elevar a súa altura con diversos dispositivos, de maneira que se evite que o usuario teña que se apoiar en lugares coma o lavabo, as billas ou os toalleiros.

Como se pode observar na seguinte táboa, tanto o elevador para o inodoro coma o inodoro con lavado e secado son medianamente coñecidos, e son recoñecidos, respectivamente, polo 69,1 % e o 58,2 % da mostra analizada. Pola contra, a utilidade outorgada si presenta diferenzas, e é o elevador o produto considerado máis útil (o 83 % dos enquisados consideran que ten “moita utilidade”), fronte a un 52,3 % que fixeron a mesma afirmación sobre o inodoro con lavado e secado.

En ambos os casos, estes produtos asóciase ás **discapacidades físicas** no 81,8 % dos cuestionarios no caso do inodoro con lavado, e no 90,5 % no caso do elevador para o inodoro.

PRODUTO	COÑÉCEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE?
	Si	Non	Ningunha	Algunha	Moita	
ELEVADOR PARA INODORO 	69,1 %	30,9 %	6,4 %	10,6 %	83,0 %	FÍSICA (90,5 %) COGNITIVA (7,1 %) SENSORIAL (2,4 %)
INODORO CON LAVADO E SECADO 	58,2 %	41,8 %	4,5 %	43,2 %	52,3 %	FÍSICA (81,8 %) COGNITIVA (15,9 %) SENSORIAL (2,3 %)

Táboa 10
 Produtos de apoio para a micción e a defecación. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

Táboa 10. Produtos de apoio para a micción e a defecación. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

4.2.7 Toma de decisións

A toma de decisións pode definirse como o proceso de elixir e actuar nun determinado momento, de xeito que implique unha libre elección razoada. Esta categoría inclúe elixir unha opción entre varias e avaliar os efectos desa elección. Neste caso, centrarémonos na toma de decisións relacionadas coa planificación dos desprazamentos fóra do fogar.

Na táboa que se amosa a continuación é posible observar que tanto a gravadora de mensaxes coma o GPS para peóns son pouco coñecidos, especialmente no caso deste último, que resulta descoñecido para o 51,8 % dos enquisados. En contraste, a pesar de ser o menos coñecido, é categorizado coma “moi útil” no 70,5 % dos cuestionarios, fronte ao 56,5 % que teñen a mesma consideración respecto da gravadora de mensaxes.

Respecto das discapacidadeas coas que se asocian este tipo de dispositivos son principalmente de tipo **mental**, aínda que tamén se fai referencia á súa posible utilidade para persoas con determinadas discapacidadeas de tipo **sensorial** polo 18,7 % dos enquisados no caso da gravadora, e polo 23,7 % no caso do GPS para peóns.

Táboa 11

Produtos de apoio para a toma de decisións. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

PRODUTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE?
	Si	Non	Ningunha	Algunha	Moita	
GRAVADORA DE MENSAXES RECORDATORIAS 	58,9 %	41,1 %	8,7 %	34,8 %	56,5 %	FÍSICA (1,6 %) MENTAL (79,7 %) SENSORIAL (18,7 %)
GPS PEÓNS 	48,2 %	51,8 %	4,5 %	25,0 %	70,5 %	FÍSICA (5,3 %) MENTAL (71,1 %) SENSORIAL (23,7 %)

Táboa 11. Produtos de apoio para a toma de decisións. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

4.2.8 Uso intencionado dos sentidos e da comunicación

Neste apartado inclúense unha serie de produtos que polas súas características non poden ser englobados en ningunha das categorías anteriores. Trátase de produtos xeralmente asociados á comunicación e que, polo tanto, cumpren unha función primordial no eido da discapacidade ao facilitar a interacción co ámbito social e físico, así como o acceso e o intercambio de información.

Trátase dunha área bastante descoñecida na que existen algúns produtos moi coñecidos, fronte a unha maioría que pasan bastante desapercibidos; de feito, unha alta porcentaxe da poboación analizada descoñece produtos coma os amplificadores por infravermellos, os receptores fm, os sistemas Daisy ou os aparellos de visión artificial. Pola contra, os produtos máis coñecidos son a lingua de signos, os conversores voz-texto e o braille (todos eles coñecidos por máis do 75 % dos enquisados).

No tocante á utilidade, o anotador braille e os comunicadores portátiles de pantalla son percibidos como produtos “moi útiles” en máis do 90 % dos casos. Pola súa banda, a lingua de signos (89,1 %) e as lupas electrónicas e os comunicadores portátiles (85,0 %) tamén están entre os produtos considerados máis útiles deste apartado.

Respecto das discapacidades que máis se poden beneficiar do uso destes produtos, atopamos que as persoas con **discapacidades sensoriais** (entre as que se inclúen os trastornos expresivos ou da fala) son os principais beneficiarios da maioría destes produtos, agás no caso dos pulsadores, que se asocian principalmente ás **discapacidades físicas**. Tamén é importante ter en conta a súa utilidade para algunhas **discapacidades mentais e físicas**, especialmente no caso dos comunicadores e sistemas de recoñecemento da fala.

As táboas que se inclúen a continuación recollen todos os datos relacionados con este tipo de produtos.

PRODUTO	COÑÉCEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE?
	Si	Non	Ningunha	Algunha	Moita	
AMPLIFICACIÓN POR INFRAVERMELLO E/OU RADIOFRECUENCIA 	20,0 %	80,0 %	10,7 %	32,1 %	57,1 %	FÍSICA (4,5 %) MENTAL (4,5 %) SENSORIAL (90,9 %)
TRANSMISOR/RECEPTOR FM 	38,2 %	61,8 %	8,3 %	52,8 %	38,9 %	FÍSICA (12,5 %) MENTAL (16,7 %) SENSORIAL (69,8 %)

Táboa 12
Produtos de apoio para a comunicación. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

RECEPTOR FM 	22,2 %	77,8 %	11,5 %	46,2 %	42,3 %	FÍSICA (1,5 %) MENTAL (6,1 %) SENSORIAL (92,4 %)
BUCLE MAGNÉTICO 	27,8 %	72,2 %	11,5 %	30,8 %	57,7 %	MENTAL (5,0 %) SENSORIAL (95,0 %)
AMPLIFICADOR VOZ 	52,7 %	47,3 %	2,7 %	35,1 %	62,2 %	FÍSICA (9,4 %) MENTAL (9,4 %) SENSORIAL (81,3 %)
CANALIZADOR DACTILAR 	47,3 %	52,7 %	0,0 %	33,3 %	66,7 %	FÍSICA (21,4 %) MENTAL (7,1 %) SENSORIAL (71,4 %)
COMUNICADOR PORTÁTIL 	44,4 %	55,6 %	8,3 %	30,6 %	61,1 %	FÍSICA (23,3 %) MENTAL (30,2 %) SENSORIAL (46,5 %)
COMUNICADOR PORTÁTIL DE PANTALLA 	62,5 %	37,5 %	0,0 %	7,3 %	92,7 %	FÍSICA (11,6 %) MENTAL (33,3 %) SENSORIAL (55,1 %)
COMUNICADOR PORTÁTIL DE 5 OU MÁIS TECLAS 	56,4 %	43,6 %	0,0 %	15,0 %	85,0 %	FÍSICA (12,8 %) MENTAL (34,0 %) SENSORIAL (53,2 %)

RECOÑECIMIENTO DA FALA 	48,1 %	51,9 %	5,3 %	26,3 %	68,4 %	FÍSICA (24,8 %) MENTAL (17,1 %) SENSORIAL (58,1 %)
CONVERSORES VOZ-TEXTO 	76,4 %	23,6 %	2,2 %	15,2 %	82,6 %	FÍSICA (36,2 %) MENTAL (12,3 %) SENSORIAL (51,4 %)
PULSADOR DE VARIÑA 	45,3 %	54,7 %	2,7 %	32,4 %	64,9 %	FÍSICA (73,7 %) MENTAL (10,1 %) SENSORIAL (16,2 %)
PULSADOR DE SOPRIDO 	35,8 %	64,2 %	6,1 %	24,2 %	69,7 %	FÍSICA (74,4 %) MENTAL (4,4 %) SENSORIAL (21,1 %)
PULSADOR DE SOBREMESA 	64,2 %	35,8 %	2,4 %	17,1 %	80,5 %	FÍSICA (58,5 %) COGNITIVA (9,8 %) SENSORIAL (31,7 %)
LINGUA DE SIGNOS 	90,7 %	9,3 %	2,2 %	8,7 %	89,1 %	FÍSICA (5,2 %) MENTAL (9,6 %) SENSORIAL (85,2 %)

GRAVACIÓN E REPRODUCCIÓN DAISY 	26,8 %	73,2 %	9,7 %	22,6 %	67,7 %	FÍSICA (11,9 %) MENTAL (8,3 %) SENSORIAL (79,8 %)
ANOTADOR BRAILLE 	70,2 %	29,8 %	0,0 %	6,8 %	93,2 %	FÍSICA (3,0 %) MENTAL (3,0 %) SENSORIAL (93,9 %)
COMUNICADOR TECLADO ALFANUMÉRICO 	50,9 %	49,1 %	4,9 %	22,0 %	73,2 %	FÍSICA (13,3 %) MENTAL (10,8 %) SENSORIAL (75,8 %)
VISIÓN ARTIFICIAL 	24,1 %	75,9 %	3,8 %	30,8 %	65,4 %	FÍSICA (5,3 %) MENTAL (5,3 %) SENSORIAL (89,3 %)
LUPA ELECTRÓNICA DE MESA 	61,4 %	38,6 %	0,0 %	12,8 %	87,2 %	FÍSICA (5,8 %) COGNITIVA (3,3 %) SENSORIAL (90,8 %)

Táboa 12. Produtos de apoio para a comunicación. Coñecemento, utilidade e tipos de discapacidade aos que van dirixidos

4.3 Produtos imprescindibles segundo a federación

Para realizar este estudo contouse coa colaboración de 9 das 10 federacións que actualmente están a operar no eido da discapacidade en Galicia. Como se amosa no apartado dedicado á descrición da mostra, as federacións colaboradoras foron:

- Aspace
- Autismo
- Cogami
- Down Galicia
- Fademga
- Faxpg
- Fagal
- Fegadace
- Once

Cada unha destas federacións ten unha misión propia e diferente das demais e, en consecuencia, tamén presenta unhas necesidades concretas que deberían ser cubertas cun banco de produtos de apoio de calidade.

Co fin de evitar que por razóns estatísticas algún dos produtos imprescindibles para cada unha destas federacións quede fóra, recolleuse información sobre aqueles elementos que non deberían faltar nunca nun banco de produtos de apoio desde o punto de vista de cada unha das federacións colaboradoras.

4.3.1 Aspace

A misión da Confederación Española de Asociacións de Atención a Persoas con Parálise Cerebral consiste en mellorar a calidade de vida das persoas con parálise cerebral e outras discapacidades afíns e das súas familias, mediante a defensa dos seus dereitos, a promoción de servizos ás entidades asociadas e a cooperación institucional.

Así, os produtos máis importantes para esta federación serán aqueles que faciliten o desprazamento e os traslados de persoas con discapacidades físicas (cadeiras, guindastres, andadores), así como todos aqueles utensilios que lle proporcionen autonomía no seu día a día (domótica, enxoval adaptado, axuda para vestirse etc.) ou que melloren a calidade de vida das persoas con mobilidade reducida (camas articuladas e colchóns antiéscaras). Ademais, tamén deberán contar con produtos que faciliten a comunicación (distintos tipos de comunicadores e outros SAAC) e, por suposto, TIC adaptadas (especialmente tabletas) que lles permitan aos seus asociados conectar co mundo que o rodea coa maior facilidade posible.

Os produtos de apoio concretos imprescindibles para esta federación son os seguintes:

Figura 60

Produtos
imprescindibles para
Aspace



4.3.2 Autismo

A Federación Autismo Galicia busca mellorar a calidade de vida das persoas con **trastornos do espectro autista (TEA) e das súas familias**. O seu obxectivo principal é conseguir que as persoas con TEA teñan dereito a participar na sociedade en igualdade de condicións ca o resto das persoas e, para iso, procurarllas os apoios precisos.

O autismo é unha alteración que se dá no neurodesenvolvemento de competencias sociais, comunicativas e lingüísticas e das habilidades para a simbolización e a flexibilidade. Ata 2013, este trastorno era recollido polo DSM-IV como parte dos trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TXD), pero debido ás súas características únicas o actual DSM-V outórgalle identidade propia e, de feito, fálase oficialmente de trastornos do espectro autista como unha categoría.

Todos aqueles produtos que favorezan a comunicación serán, pois, os produtos máis necesarios para esta federación (tabletas, SAAC e TIC adaptadas), así como os produtos de apoio á aprendizaxe (encerados dixitais, axendas, aulas de logopedia ou estimulación sensorial). Por último, desde a propia federación tamén reclaman a importancia dos sistemas de localización GPS, sensores para a detección de crises epilépticas, como parte dos produtos imprescindibles para o seu día a día.



Figura 61
Produtos imprescindibles para Autismo Galicia

4.3.3 Cogami

A misión da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade é conseguir a plena inclusión das **persoas con calquera discapacidade** en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e da promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Debido a que non trata cun tipo concreto de discapacidades, o rango de produtos de apoio imprescindibles é moito máis amplo, pois como se viu ata o de agora cada discapacidade presenta necesidades propias. Tendo en conta esta circunstancia, os produtos imprescindibles para esta asociación inclúen produtos de apoio ao desprazamento, utensilios adaptados que faciliten as ABVD, produtos de traslado e axuda para persoas encamadas e produtos de comunicación alternativa (SAAC) e novas tecnoloxías.

A seguinte figura recolle os produtos cualificados como imprescindibles desde a propia confederación.

Figura 62

Produtos de apoio imprescindibles para Cogami



4.3.4 Down Galicia

A Federación Síndrome de Down busca coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade de vida de cada persoa con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

A síndrome de Down é unha alteración xenética provocada pola aparición dun cromosoma extra no par número 21. Esta modificación provoca un grao variable de discapacidade menta, trazos característicos e unha serie de patoloxías asociadas (anomalías internas, hipoplasia do padal e da mandíbula, hipoplasia da falanxe etc.).

Os produtos imprescindibles para este colectivo son aqueles dedicados á axuda á aprendizaxe (encerados dixitais, materiais de lectura fácil ou materiais educativos específicos), así como produtos que faciliten a comunicación (SAAC e tabletas con aplicacións adaptadas). Asemade, desde esta federación reclaman a importancia dos recursos humanos, personificados na contratación de asistentes persoais que axuden ás persoas con esta discapacidade no seu día a día. A seguinte figura recolle os produtos considerados imprescindibles para esta federación.



Figura 63
Produtos de apoio
considerados
imprescindibles por
Down Galicia

4.3.5 Fademga

A Federación Galega de Asociacións de Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento ten como obxecto contribuír con apoios e oportunidades a que cada persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e a súa familia poidan desenvolver o seu proxecto de calidade de vida, así como promover a súa inclusión como cidadán de pleno dereito nunha sociedade xusta e solidaria.

Os produtos imprescindibles para esta federación son aqueles que facilitan o desprazamento e os traslados con seguridade (vehículos adaptados, cadeiras de rodas, guindastres e táboas de traslado), así como os produtos pensados para facilitar as ABVD (vestimenta, dispensadores de medicación, adaptación do baño e produtos para o aseo ou produtos de control postural). Os produtos ideados para mellorar ou facilitar a comunicación, tales como tabletas, SAAC e TIC en xeral, xunto cos localizadores GPS e os asistentes persoais (incluso en formato dixital), son tamén considerados imprescindibles polos membros desta federación.

Figura 64

Produtos de apoio imprescindibles para Fademga



4.3.6 Faxpg

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia ten como misión xerar as condicións que, tomando como base a identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas de Galicia en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

Ao tratar exclusivamente con persoas xordas, as necesidades desta federación son máis concretas. Aínda que cada individuo presenta unhas necesidades específicas, existen moitas necesidades comúns a todas elas.

Os produtos imprescindibles para esta federación son as TIC adaptadas (que en moitas ocasións poden substituír outros sistemas de comunicación, servir como conversores voz-texto etc.); os avisos luminosos ou vibratorios (timbres, videoporteiros, alarmas etc.); os subtítulados que ofrezan un maior acceso ao ocio e á información; os produtos de videovixilancia (especialmente indicados para persoas maiores) e todos aqueles produtos e persoal asociados co uso e coa aprendizaxe da lingua de signos (intérpretes ou guías-intérpretes para xordocegos).




Figura 65
Produtos de apoio
considerados
imprescindibles
para Faxpg

4.3.7 Fagal

Busca mellorar a calidade de vida das persoas que sofren alzhéimer e outras demencias, e tamén a dos seus coidadores. Por ese motivo, esta federación traballa en fortalecer as asociacións de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias (AFAS) e colaborar en xerar cambios na sociedade a favor destas persoas e dos seus coidadores.

Os produtos máis importantes para esta federación son, por un lado, os produtos dedicados a axudar e a ofrecer tranquilidade á familia (coma os guindastres de traslado, os localizadores GPS ou as cadeiras de baño). En canto aos produtos centrados no benestar do enfermo, desde Fagal consideran imprescindibles os andadores, bastóns e muletas, as cadeiras de rodas e as barras ou agarradoiras, que faciliten a súa mobilidade (especialmente dentro do fogar).

Figura 66

Produtos de apoio
imprescindibles para
Fagal



4.3.8 Fegadace

A Federación Galega de Dano Cerebral é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter social promovida polas entidades de dano cerebral adquirido máis representativas de Galicia, que busca mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias nesta comunidade autónoma, así como defender os seus dereitos e ofrecerlles a oportunidade de desenvolvelos.

O dano cerebral adquirido é consecuencia dunha lesión súbita no cerebro que produce diversas secuelas de carácter físico, psíquico e sensorial. Estas secuelas dan lugar a anomalías na percepción sensorial, alteracións cognitivas e alteracións no plano emocional.

Como se pode observar, é difícil concretar unha serie de produtos imprescindibles para este tipo de asociacións, pois o seu rango de acción é moi amplo. A pesar desta circunstancia, as enquisas recibidas por parte desta asociación permiten facer una pequena aproximación sobre os produtos que nunca deberían botar en falta:

- Produtos para desprazamentos e traslados, tales coma guindastres (bipedestación e traslados), cadeiras de rodas (tanto manuais coma eléctricas) e andadores, bastóns e muletas.
- Produtos que facilitan a comunicación, como por exemplo pictogramas, comunicadores, TIC adaptadas (tabletas, ordenadores, periféricos adaptados etc.).
- Utensilios adaptados para a realización das ABVD (cubertos adaptados, manteis antiesvaradíos, utensilios para poñer as medias e calzadores, produtos de aseo etc.).



Figura 67
Produtos
imprescindibles
para Fegadace

4.3.9 Once

A misión principal da Organización Nacional de Cegos Españóis defínese como a facilitación e o apoio, a través de servizos sociais especializados, da autonomía persoal e da plena integración educativa, social e laboral das persoas con cegueira e deficiencia visual.


Como é lóxico, os produtos imprescindibles para este colectivo estarán directamente relacionados cos problemas ou déficits na visión, e tratarán de cubrir as necesidades dos distintos tipos e graos de discapacidade visual.

Para iso, os produtos que desde a propia Once consideran imprescindibles e que, polo tanto, deberían estar presentes nun banco de produtos de calidade, serían por un lado todos aqueles relacionados coa reprodución braille (liña, teclado e impresoras, fundamentalmente). Por outro lado, tamén resultan de vital importancia todos aqueles produtos que axudan a mellorar a visión dos seus usuarios (lupas, OCR e magnificadores). Os produtos de medición falantes (glicómetros, termómetros etc.) tamén son considerados clave para mellorar a calidade de vida deste colectivo. Finalmente, e tal e como sucede co resto das federacións consultadas, desde a Once apostan polo uso e pola adaptación das novas tecnoloxías TIC ás características das persoas con deficiencia visual, xa que ademais de cumprir a súa función orixinal poden substituír moitos dos aparellos utilizados tradicionalmente (reloxs, conversores voz-texto etc.).

Na figura que se inclúe a continuación recóllense todos os produtos que foron sinalados como imprescindibles polos asociados e traballadores da Once que colaboraron con nós.

Figura 68

Produtos de apoio
imprescindibles para
Once



¹ Tensiómetro, termómetro, glicómetro etc.

² Recoñecedor óptico de caracteres





O obxectivo principal deste estudo é coñecer a percepción e a valoración dalgúns dos produtos de apoio máis coñecidos e demandados polas federacións e asociacións que prestan apoio ás persoas con discapacidade e ás súas familias. O marco teórico das discapacidades é un eido moi complexo, no que resulta complicado e mesmo pouco adecuado facer xeneralizacións. Cada persoa discapacitada presenta unhas necesidades concretas que deben ser atendidas como tal polos profesionais encargados desta tarefa. A pesar desta circunstancia, é practicamente imposible para os organismos gobernamentais proceder con esta singularidade, polo que é preciso obter datos estatísticos fiables que lles permitan ás administracións facer un investimento útil e eficaz.

En primeiro lugar, buscamos coñecer a opinión espontánea dos profesionais e asociados que tratan día a día coa discapacidade. Con este fin, procedeuse a analizar as **discapacidades e os produtos de apoio que son atendidas con maior frecuencia nas asociacións galegas**; elaborar unha clasificación dos produtos máis útiles e utilizados para os distintos tipos de discapacidades propostas e coñecer a opinión dos usuarios sobre os distintos produtos dispoñibles no mercado actualmente.

En canto ás diferenzas en función do tipo de discapacidade, tanto as físicas, como as mentais e as sensoriais teñen frecuencias moi similares, polo que non é posible facer una priorización dos produtos de apoio en función desta variable. Neste sentido, é recomendable facer unha segmentación e incluír, polo menos, os produtos máis útiles para cada unha destas tipoloxías.

No caso das **discapacidades físicas**, os produtos máis utilizados son tamén considerados os máis útiles, polo que a súa presenza nun banco de produtos de calidade resulta indispensable. Estamos a falar dos distintos tipos de **cadeiras de rodas** (manuais, eléctricas, bipedestación etc.); **andadores, muletas e bastóns**; **guindastres** (de transferencia, elevación e bipedestación); **próteses e órteses** (férulas, bitutores, antiequinos etc.) e **camas articuladas**. Como se pode observar, trátase de primar aqueles produtos que faciliten a mobilidade e os desprazamentos (proporcionando autonomía e independencia), así como os pensados para lles axudar aos coidadores no seu día a día.

Igual ca no caso anterior, os produtos máis utilizados polas persoas con **discapacidade mental** tamén son os máis útiles, de modo que a súa incorporación ao banco de produtos supón un “acerto seguro”. Nesta ocasión, os produtos máis demandados son os **dispensadores de medicación ou pastilleiros** (tanto convencionais coma electrónicos); os **localizadores GPS** (especialmente recomendados nos casos de demencia ou alzhéimer); os **sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC)**, entre os que se inclúen diferentes tipos de comunicadores, pictogramas, PECS etc.; e as **TIC adaptadas** (especialmente tabletas, smartphones e periféricos adaptados), que ademais de cumprir coa súa función orixinal permiten fusionar distintos elementos (convertidores voz-texto, SAAC etc.) nun só produto.

As **discapacidades sensoriais** (expresivas, auditivas e/ou visuais) presentan o mesmo patrón que as anteriores no tocante á relación entre os produtos máis utilizados e os máis útiles. Neste caso, os produtos máis demandados son os **produtos aumentativos** (lentes, lupas, amplificadores e audífonos, principalmente); **sistemas alternativos e aumentativos de comunicación (SAAC)**, entre os que destacan os produtos braille (impresoras, liñas ou etiquetaxe), a lingua de signos e os distintos tipos de comunicadores; os **indicadores visuais, auditivos e táctiles** (alarmas, timbres, despertadores etc.) e as **TIC adaptadas** que, coma nos casos anteriores, teñen a capacidade de suplir algúns dos produtos anteriores, en especial no relacionado coa comunicación e co acceso á información.

Ademais de todos estes produtos, o Banco de Produtos de Apoio de Galicia debería contar tamén con **utensilios adaptados** (enxoval e cubertos adaptados, axuda para o vestido e o aseo etc.), que foron seleccionados pola súa utilidade para todas as discapacidades, así como os **produtos respiratorios** (máscaras, bombonas de osíxeno, respiradores, ambú etc.), especialmente recomendados para as enfermidades crónicas.

Cómpre destacar que en todos os casos os produtos máis utilizados son considerados tamén os máis útiles, o que é un indicativo de que o camiño que se está a seguir é o correcto. De feito, se prestamos atención ás opinións dos usuarios, obsérvase que en xeral todos se amosan moi satisfeitos cos seus produtos, a non ser polo elevado prezo dalgúns deles, ou a falta de formación á hora de utilizalos (especialmente no caso das novas tecnoloxías).

Figura 69

Produtos máis importantes en función do tipo de discapacidade

DISCAPACIDADES FÍSICAS	DISCAPACIDADES MENTAIS	DISCAPACIDADES SENSORIAIS	OUTROS PRODUTOS
● Cadeiras de rodas ● Andadores ● Bastóns ● Muletas ● Camas articuladas	● Pastilleros ● Localizadores GPS ● SAAC ● TIC adaptadas	● Lentes e lupas ● Amplificadores ● Audífonos ● Indicadores (sonoros, visuais e táctiles) ● SAAC ● TIC adaptadas	● Utensilios adaptados ● Apoio respiratorio ● Colchóns antiécarras

En segundo lugar, e para evitar deixar no tinteiro información sobre algún produto clave, procedeuase a analizar o **nivel de información e a utilidade percibida dalgúns produtos clave** na realización das actividades básicas da vida diaria (ABVD).

Neste sentido, é posible concluír que en xeral existe un bo nivel de información sobre os produtos dispoñibles no mercado para atender as ABVD. En canto á utilidade percibida, todos os produtos propostos foron considerados “útiles” ou “moi útiles” para as tarefas que se propuxeron e, polo menos os máis útiles, deberían terse en conta á hora de crear un banco completo e eficaz.

Figura 70

Produtos de apoio ás ABVD máis útiles

Lavarse	Mantemento da saúde	Cambiar e manter a posición	Desprazarse no fogar
● Cadeira para ducha ● Cadeira xiratoria ● Cadeira de ducha con rodas	● Teléfonos con fotografías ● Sistemas de localización ● TLF con botón de axuda	● Cama articulada ● Cadeira basculante con repousacabezas ● Guindastre de elevación e traslado	● Andadores de 4 patas ● Cadeiras de rodas eléctricas ● Cadeiras de rodas infantís
Desprazarse fóra do fogar	Micción e defecación	Toma de decisións	Uso dos sentidos e comunicación
● Guindastre eléctrico ● Rampla pregable ou plataforma elevadora ● Salvaescaleiras	● Elevador para inodoro ● Inodora con lavado e secado	● Gravadora de mensaxes ● GPS peóns	● Comunicador portátil de pantalla ● Comunicador portátil con máis de 5 teclas ● Lingua de signos ● Braille ● Lupa electrónica


Por último, e dado que é frecuente que os produtos cheguen aos usuarios mediante a recomendación directa dos profesionais de asociacións e federacións especializadas, realizouse unha **análise cualitativa das necesidades máis importantes de cada unha das federacións colaboradoras**. Deste xeito, pretendemos asegurarnos de que o Banco de Produtos de Apoio de Galicia sirva de axuda para o maior número de persoas posible, independentemente do tipo de discapacidade coa que deban convivir.

Como é lóxico, a poboación obxectivo de cada federación será a que marque as súas necesidades concretas.

Así, as federacións dedicadas á atención a persoas con discapacidades mentais (Autismo, Down Galicia ou Fagal) están especialmente interesadas nos produtos que faciliten a comunicación e a aprendizaxe, así como aqueles pensados para axudar e proporcionar tranquilidade aos coidadores e ás familias.

As federacións enfocadas ás discapacidades sensoriais (Once ou Faxpg), pola súa banda, demandan principalmente produtos relacionados coas novas tecnoloxías, elementos que favorezan a comprensión e interacción co mundo que os rodea (por exemplo, guías e intérpretes, indicadores ou alertas especializadas) e produtos que axuden a mitigar as súas deficiencias (audífonos, lentes, amplificadores etc.).

Por último, existen tamén federacións que están en contacto con todo tipo de discapacidades, este é o caso de Cogami, Aspace, Fademga ou Fegadace. Trátase pois de colectivos que precisan ter unha ampla variedade de produtos á súa disposición, pois deben atender a persoas con discapacidades físicas, mentais e sensoriais.



6 Anexos

CUESTIONARIO



Bos días/Boas tardes. Dende a Universidade de Santiago de Compostela estamos realizando un estudo para identifica-los millores ou os máis útiles PRODUCTOS DE APOIO en función do tipo de discapacidade. Agradeceríamolle enormemente que nos adicase uns minutos respondendo a iste cuestionario totalmente confidencial e anónimo. En ningún momento vaiselle preguntar por aspectos da súa vida persoal, cuestións políticas ou económicas.

A. TIPOLOXÍA DA PERSOA QUE RESPONDE

A1. Federación á que representa

- | | | | | |
|----------------------------------|---------------------------------|----------------------------------|---------------------------------|-----------------------------------|
| ☐ ONCE | ☐ ASpace | ☐ AUTISMO | ☐ DOWN | ☐ COGAMI |
| ☐ FADEMGA | ☐ FAXPG | ☐ FAGAL | ☐ FEAFES | ☐ FEGADACE |

A2. Asociación á que pertence _____

A3. Ocupación/Relación. Por favor indique quen está a responder a iste cuestionario. É un Profesional, un familiar ou coidador, ou ben unha persoa con discapacidade directamente usuaria dun produto de apoio-

☐ Profesional especialista en _____

- ☐ Familiar dunha persoa con discapacidade_
- ☐ Coidador/a _____
- ☐ Persoa con discapacidade _____
- ☐ Outro, indique cá? _____

B. CARACTERÍSTICAS DA PERSOA CON DISCAPACIDADE

B1. Rango de idade da persoa con discapacidade

- ☐ 6 ou menos anos
- ☐ 7-15
- ☐ 16-29
- ☐ 30-49
- ☐ 50-64
- ☐ 65-74
- ☐ +75 anos

B2. Tipo de discapacidade que posue

B3. Grado de discapacidade

- ☐ 33-49%
- ☐ 50-64%
- ☐ 65-74%
- ☐ 75 ou máis %
- ☐ total

B4. Sexo. ☐ home ☐ muller

A4. Nivel de Estudos: ☐ Primarios ☐ Secundarios ☐ Superiores ☐ Sen estudos

A5. Localidade _____

A6. Sexo ☐ Home ☐ Muller ☐

C. GRADO DE COÑECEMENTO E USO DOS PRODUCTOS DE APOIO

C1. Por favor, pode indicarme cáles son as 3 DISCAPACIDADES máis frecuentes ou as que vostede máis coñeza. Despois, para cada unha delas, indique os 3 PRODUCTOS DE APOIO (P.A.) máis utilizados ou os que primeiro se lle veñen á cabeza.

- Discapacidade máis frecuente: _____ P.A. máis coñecidos: 1. _____
2. _____
3. _____
- Seguinte Discapacidade: _____ P.A. máis coñecidos: 1. _____
2. _____
3. _____
- Terceira Discapacidade: _____ P.A. máis coñecidos: 1. _____
2. _____
3. _____

C2. Agora, para cada TIPO DE DISCAPACIDADE recollida na Taboa inferior, Vostede deberá escribir os 3 PRODUCTOS DE APOIO que cree son os máis utilizados en Galicia. Tamén pode indicarnos si o tivo nas súas mans algunha vez e, por último, si Vostede o recomendou ou o recomendaría?

	C2a	C2b	C2c
TIPO DE DISCAPACIDADE	PARA ISTA DISCAPACIDADE, OS 3 PRODUCTOS DE APOIO MÁIS UTILIZADOS SON...	TÍVENNOS NAS MÍNS MANS ALGUNHA VEZ?	RECOMENDEINOS ALGUNHA VEZ OU OS RECOMENDARÍA SE TIVERA OPORTUNIDADE
1. ALTERACIONS MOTÓRICAS do Sistema Osteoarticular	1. _____ 2. _____ 3. _____	SI NON SI NON SI NON	SI NON SI NON SI NON
2. ALTERACIONES MOTÓRICAS do Sistema Nervioso e muscular	1. _____ 2. _____ 3. _____	SI NON SI NON SI NON	SI NON SI NON SI NON
3. TRASTORNOS MENTAIS	1. _____ 2. _____ 3. _____	SI NON SI NON SI NON	SI NON SI NON SI NON
4. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema visual	1. _____ 2. _____ 3. _____	SI NON SI NON SI NON	SI NON SI NON SI NON
5. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema auditivo	1. _____ 2. _____ 3. _____	SI NON SI NON SI NON	SI NON SI NON SI NON
6. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema visual e auditivo	1. _____ 2. _____ 3. _____	SI NON SI NON SI NON	SI NON SI NON SI NON

7. EXPRESIVAS. Afasia, mudez, disfonía, etc.	1.	SI	NON	SI	NON
	2.	SI	NON	SI	NON
	3.	SI	NON	SI	NON
8. MIXTAS Síndrome polimalformativo	1.	SI	NON	SI	NON
	2.	SI	NON	SI	NON
	3.	SI	NON	SI	NON
9. ENFERMEDADES CRÓNICAS do aparello respiratorio, transplantado, etc.	1.	SI	NON	SI	NON
	2.	SI	NON	SI	NON
	3.	SI	NON	SI	NON
10. OUTRAS _____	1.	SI	NON	SI	NON
	2.	SI	NON	SI	NON
	3.	SI	NON	SI	NON

C.3. Dos PRODUCTOS DE APOIO mencionados na Taboa anterior, hai algún que NUNCA recomendaría porque non o considera útil ou porque o ve perigoso. Indique cal?

- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____
- ☐ _____

D. GRADO DE UTILIDADE

Agora, independentemente de si son coñecidos ou moi utilizados, gustaríanos que nos dixese si sabe de algún PRODUCTO DE APOIO que, na súa opinión, sexa MOI BO OU MOI EFICAZ para determinadas discapacidade. Non importa que sexa moi caro ou que sexa difícil de atopar.

D1. Por favor, para cada Tipo de Discapacidade da Taboa podría indicar cales son los PRODUCTOS DE APOIO que indiscutiblemente son os mellores e máis útiles para as persoas con discapacidade independentemente do seu precio. É decir, Productos que gustaríalle poñer á disposición de persoas con discapacidade

<i>Tipo de discapacidade</i>	PRODUCTOS MÁIS ÚTILES OU MELLORES	¿POR QUÉ?
1. ALTERACIÓNS MOTÓRICAS do Sistema Osteoarticular	1. 2. 3.	1. 2. 3.
2. ALTERACIÓNS MOTÓRICAS do Sistema Nervioso e muscular	1. 2. 3.	1. 2. 3.

3. TRASTORNOS MENTAIS	1. 2. 3.	1. 2. 3.
4. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema visual	1. 2. 3.	1. 2. 3.
5. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema auditivo	1. 2. 3.	1. 2. 3.
6. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema visual e auditivo	1. 2. 3.	1. 2. 3.
7. EXPRESIVAS. Afasia, mudez, disfonía, etc.	1. 2. 3.	1. 2. 3.
8. MIXTAS Síndrome polimalformativo	1. 2. 3.	1. 2. 3.
9. ENFERMIDADES CRÓNICAS do aparato respiratorio, transplantado, etc.	1. 2. 3.	1. 2. 3.
10. OUTRAS _____	1. 2. 3.	1. 2. 3.

E. OPINIÓN DAS PERSOAS USUARIAS

Agora gustaríanos saber si Vostede ten información do que pensan as persoas con discapacidade, familiares ou coidadores acerca de algúns PRODUCTOS DE APOIO. Qué opinión ou valoración cree que fan os usuarios de determinados PRODUCTOS de APOIO que están utilizando porque alguén prescribiullos:

E1. Por favor, indíquenos sobre qué PRODUCTO DE APOIO vostede coñece algún tipo de comentarios por parte da persoa con discapacidade ou dos acompañantes.

<i>Tipo de discapacidade</i>	NOME DO PRODUCTO DE APOIO	COÑECE ALGÚN COMENTARIO OU OPINIÓN DAS PERSOAS USUARIAS OU FAMILIARES , indique cal
1. ALTERACIÓNS MOTÓRICAS do Sistema Osteoarticular	1. 2. 3.	1. 2. 3.
2. ALTERACIONES MOTÓRICAS do Sistema Nervioso e muscular	1. 2. 3.	1. 2. 3.
3. TRASTORNOS MENTAIS	1. 2. 3.	1. 2. 3.
4. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema visual	1. 2. 3.	1. 2. 3.
5. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema auditivo	1. 2. 3.	1. 2. 3.
6. ALTERACIÓNS SENSORIAIS do Sistema visual e auditivo	1. 2. 3.	1. 2. 3.
7. EXPRESIVAS. Afasia, mudez, disfonía, etc.	1. 2. 3.	1. 2. 3.
8. MIXTAS Síndrome polimalformativo	1. 2. 3.	1. 2. 3.
9. ENFERMIDADES CRÓNICAS do aparato respiratorio, transplantados, etc.	1. 2. 3.	1. 2. 3.
10. OUTRAS _____	1. 2. 3.	1. 2. 3.

G. IDENTIFICACIÓN VISUAL DOS PRODUTOS DE APOIO

A continuación voulle mostrar unha serie de fotografías de diferentes PRODUCTOS DE APOIO que existen no mercado para cada un dos **momentos ou actividades da vida cotián**. Fíxese ben neles e, de seguido, pedireille que me diga *si os coñece ou veunos alguna vez, si lle parecen útiles, para qué tipo de discapacidade o recomendaría e, por último, no caso de que lle pedisen una listaxe de produtos de apoio para remitir gratuitamente ao seu Centro, cáles pediría porque para Vostede son os máis importantes*.

G1. LAVARSE

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CON UN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO LUGAR, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º ou 7º lugar
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Tabo con brazo xiratorio	X	X	X	X	X		
 Banco-taboa de bañeira	X	X	X	X	X		
 Cadeira para ducha	X	X	X	X	X		
 Cadeira xiratoria	X	X	X	X	X		
 Cadeira banqueta	X	X	X	X	X		
 Cadeira infantil	X	X	X	X	X		
 Cadeira de ducha con rodas	X	X	X	X	X		

G2. MANTEMENTO DA SAUDE

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CON UN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO LUGAR, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º ou 7º lugar
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Teléfonos con fotografías	X	X	X	X	X		
 Dispensador de gotas oculares	X	X	X	X	X		
 Dispensador de medicación	X	X	X	X	X		
 Medidor glucosa por voz	X	X	X	X	X		
 Teléfonos móbiles con teclas grandes	X	X	X	X	X		
 Sistemas de Localización	X	X	X	X	X		
 Teléfono con botón de axuda	X	X	X	X	X		

G3. CAMBIAR E MANTER A POSIÇÃO DO CORPO

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CON UN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO LUGAR, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º, 8º ou 9º lugar
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Camas articuladas	X	X	X	X	X		
 Incorporador portátil	X	X	X	X	X		
 Escalerilla de corda	X	X	X	X	X		
 Asideiro de cama	X	X	X	X	X		
 Cadeira basculante con repousacabezas	X	X	X	X	X		
 Barras para o inodoro e reductores do aro do inodoro	X	X	X	X	X		
 Cadeira de artrodesis	X	X	X	X	X		
 Alzas para patas	X	X	X	X	X		
 Barras verticais fixadas ao chan e/ou teito	X	X	X	X	X		

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CUN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO LUGAR, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º ou 7º lugar
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Cadeira de bipedestación	X	X	X	X	X		
 Taboas de transferencia	X	X	X	X	X		
 Superficies para o manexo da presión (colchóns de espuma, aire...)	X	X	X	X	X		
 Discos de transferencia	X	X	X	X	X		
 Grúa de bipedestación	X	X	X	X	X		
 Grúa pasiva de elevación e traslado	X	X	X	X	X		
 Tapetes tubulares ou sabanillas deslizantes	X	X	X	X	X		

G4. DESPRAZARSE DENTRO DO FOGAR

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CUN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO LUGAR, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º, 8º ou 9º LUGAR
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Muletas de cóbado	X	X	X	X	X		
 Andadores de 4 patas	X	X	X	X	X		
 Andadores con rodas	X	X	X	X	X		
 Andadores con suxección nos pés	X	X	X	X	X		
 Cadeiras de rodas bimanuais	X	X	X	X	X		
 Cadeiras controladas por un asistente	X	X	X	X	X		
 Cadeiras controladas por un só lado do corpo	X	X	X	X	X		
 Cadeiras de rodas eléctricas	X	X	X	X	X		
 Cadeiras de rodas infantís	X	X	X	X	X		

G5. DESPRAZARSE FORA DO FOGAR

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CUN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO LUGAR, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º OU 7º lugar
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Motor para aumentar a forza de propulsión	X	X	X	X	X		
 Táboa de transferencia portátil	X	X	X	X	X		
 Grúa eléctrica	X	X	X	X	X		
 Bancadas especiais para nenos	X	X	X	X	X		
 Rampa plegable ou abatible, ou plataforma elevadora	X	X	X	X	X		
 Salva-escadeiras con plataforma	X	X	X	X	X		
 Adaptadores de chaves	X	X	X	X	X		

G6. PRODUCTOS DE APOIO PARA A HIXIENE PERSOAL RELACIONADA COA MICCIÓN E A DEFECACIÓN

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CUN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO ou en 2º LUGAR
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Elevador para inodoro	X	X	X	X	X		
 Inodoro con lavado e secado	X	X	X	X	X		

G7. OUTROS

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CUN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO ou en 2º LUGAR
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Grabadora mensaxes recordatorias	X	X	X	X	X		
 GPS peatones	X	X	X	X	X		

G8. PRODUCTOS DE APOIO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE SENSORAL (CEGUEIRA, XORDEIRA, ETC.)

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CUN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO LUGAR, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º, 8º ou 9º lugar
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Sistema de amplificación por infravermello e/ou radiofrecuencia	X	X	X	X	X		
 Transmisor/receptor FM	X	X	X	X	X		
 Receptor FM	X	X	X	X	X		
 Bucle Magnético	X	X	X	X	X		
 Amplificador de voz	X	X	X	X	X		
 canalizador dactilar	X	X	X	X	X		
 comunicador portátil de menos de 5 teclas	X	X	X	X	X		
 comunicador portátil de pantalla	X	X	X	X	X		
 comunicador portátil de 5 ou máis teclas	X	X	X	X	X		

PRODUCTO	COÑECEO?		UTILIDADE PERCIBIDA			PARA QUE TIPO DE DISCAPACIDADE	DISTA TABOA, INDIQUE CUN NÚMERO CAL PEDIRÍA EN PRIMEIRO LUGAR, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º, 8º, 9º, 10º, 11º
	Si	Non	Ningunha	Alguna	Moita		
 Recoñecemento da fala	X	X	X	X	X		
 Conversores de voz-texto	X	X	X	X	X		
 Pulsador de varilla	X	X	X	X	X		
 Pulsador de soplido	X	X	X	X	X		
 Pulsador de sobremesa	X	X	X	X	X		
 Linguaxe de Signos	X	X	X	X	X		
 Grabación e reprodución Daisy	X	X	X	X	X		
 Anotador Braille	X	X	X	X	X		
 Comunicador de teclado alfanumérico	X	X	X	X	X		
 Visión artificial	X	X	X	X	X		
 Lupa electrónica de sobremesa	X	X	X	X	X		

Por último, si Vostede cree que lle queda algo do que lle gustaría informar e non atopou o momento para facelo, agradeceríalle moísimos que o fixera agora. A súa opinión é imprescindible e clave para poder tomar decisións á hora de saber cáles son os PRODUCTOS DE APOIO máis útiles para as persoas con discapacidade, así como os máis imprescindibles e urxentes que nunca deberían faltar no Centro ou Asociación na que Vostede colabora ou traballa.

ALGÚN COMENTARIO XERAL?

O PRODUTO/S DE APOIO MÁIS ÚTIL NA MIÑA ASOCIACIÓN, E QUE SEMPRE DEBERÍAMOS TER É:

OUTROS PRODUTOS DE APOIO IMPORTANTES SON:

MOITAS GRACIAS POLA SUA COLABORACIÓN

galicia